

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 13 de marzo de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte e seis minutos do día trece de marzo de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Calviño Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(375).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia deste reunión.

**2(376).- PROGRAMA DIURNO DE BALNEARIOS PROMOVIDOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL-ANO 2008. EXPTE. 29353/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social do Servizo de Persoas Maiores, do 7.03.08, conformado polo xefe de Área de Servizos Sociais, pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Aceptar as bases reguladoras en réximen de concurrencia competitiva da convocatoria para participar no Programa Diurno de Balnearios promovidos pola Diputación Provincial e publicado no BOP nº 43, de venres 29 de febreiro de 2008.

O Concello de Vigo subvencionará 375 prazas a repartir entre a campaña de primavera e outono.

2º.- Aprobar o prazo para a presentación de solicitudes no Concello de Vigo dende o 13 ata o 31 de marzo (ámbolos dous inclusive).

3º.-Unha vez adxudicadas ás prazas enviaráanse á Diputación Provincial, os listados nominales dos participantes por orden de puntuación de maior a menor.

4º.- Autorizar o gasto de 12.000,00 € con cargo á partida 3130.2260801, que se aboarán a Viajes Halcón, como empresa asignada pola Deputación para organizar e xestionar os grupos.

**3(377).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA X. GOBERNO LOCAL SOBRE AS BASES DE CONTRATACIÓN DO EQUIPO DO PLAN DE INCLUSIÓN ANO 2008. EXPTE. 28160/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Acción Social do 12.03.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, que di o seguinte:

*Con data 3 de marzo de 2008 a Xunta de Goberno Local aprobou as bases para a contratación do persoal que formará parte do equipo de Inclusión Sociolaboral que prestará os seus servizos dentro do departamento de Benestar Social a proposta do Xefe de Área de Acción Social.*

*Nestas bases establece a composición da comisión de selección-valoración. Nesta comisión non se tiveron en conta os criterios legais de titulación precisa así como a necesaria identificación de todos os membros da Comisión de valoración para, de selo caso, que os interesados poidan exercer o seu dereito de recusación.*

*En consecuencia sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte modificación:*

**PROPOSTA DO ACORDO**

*Rectificar nas bases para a contratación do equipo de Inclusión sociolaboral, a composición da Comisión de Valoración para selección do persoal, así onde di:*

*A Comisión de Selección - Valoración:*

*Presidencia :*

- Titular : a Xefa de Sección de Coordinación, Dª Paz Fernández Fernández*
- Suplente : o/a técnica do Departamento de Servizos Sociais que se designe*

*Secretaría :*

- Titular : a Xefa de Sección de Planificación, Mª José Thomas Berbén*
- Suplente : a/o técnico do departamento de Servizos Sociais que se designe*

*Vogais :*

- Titulares : O funcionario da Asesoría Xurídica : Xesús Costas Abreu  
A Xefa da Unidade de Persoal : María Dapena Gómez  
Pola Vicepresidencia da Xunta de Galicia (a determinar)*
- Suplentes : a/o funcionaria/o da Asesoría Xurídica que se designe  
a/o funcionaria/o do departamento de persoal que se designe*

*Deberá dicir:*

*A Comisión de Selección-Valoración:*

*Presidencia*

*Titular: Dª Paz Fernández Fernández, Xefa de sección de coordinación departamento de Benestar Social*

*Suplente: D. Xosé Lois Cea Nogueira, Xefe de Area de Acción Social.*

*Secretaria:*

*Titular: Dª Mª José Quintela Rodríguez, técnica do Departamento de Benestar Social*

*Suplente: Dª María Sierra Abrain, técnica do Departamento de Benestar Social.*

*Vogais:*

*Titulares: D. Xesús Costas Abreu, funcionario de Asesoría Xurídica.  
Dª María Dapena Gómez, Xefa da Unidade de Persoal.  
D. Ramón Rodríguez del Valle, Funcionario da Vicepresidencia da Xunta.*

*Suplentes: Susana García Álvarez, funcionaria de Asesoría Xurídica.  
Dª Sonia Estrada Ibañez, funcionaria da Unidade de Persoal.  
Funcionario/a designado/a pola Vicepresidencia.*

*Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(378).- CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2008. EXPTE. 7688/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 7.03.08, o informe de fiscalización, de data 11.03.08, e de acordo co informe-proposta do deportivo do IMD, do 18.02.08, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria específica pra a concesión de subvencions a entidades deportivas de Vigo para a organización de eventos e actividades deportivas durante o ano 2008.

2º.- Autorizar o crédito de 130.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01 “Subvencions eventos deportivos” do vixente orzamento.

Convocatoria específica para a concesión de subvencions a entidades deportivas de Vigo para a organización de eventos e actividades deportivas durante o ano 2008.

*A Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, no seu artigo 13.1 sinala como competencia dos concellos a de fomentar e promover a organización en Vigo de eventos e actividades deportivas. Esta convocatoria vai instrumentar o programa de subvencions a entidades deportivas sen fin de lucro, con tal motivo, e no marco das súas competencias o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, establece os criterios específicos de acceso ás subvencions a través desta convocatoria, e a tal fin destina no seu orzamento do ano 2008 com cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01 “Subvencions eventos deportivos”, por un importe total de 130.000,00 euros (cento trinta mil euros).*

Por todo isto convócanse as subvencións para as entidades deportivas de Vigo en relación á organización de eventos e actividades deportivas correspondentes ó exercicio 2008.

A convocatoria destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

#### Artigo 1. Lexislación aplicable.

A lexislación aplicable, para esta convocatória específica de subvencións é a que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

#### Artigo 2. Obxecto, natureza e contía das axudas.

A presente convocatoria ten por finalidade promover en réxime de concorrencia competitiva a concesión de subvencións entre as entidades deportivas sen fins de lucro que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatória específica de subvencións, co obxecto de fomentar a organización de eventos e actividades deportivas durante o exercicio 2008.

2.1. Os gastos subvencionables corresponderán ós correspondentes ocasionados pola organización dos eventos e actividades deportivas propostas, serán incluídos tamén os gastos federativos, viaxes, aloxamento e comidas, arbitaxes, alugamento de instalacións deportivas, compras de material deportivos e útiles deportivos, material de oficina, gastos de publicidade, trofeos, premios, etc. En xeral son subvencionables todos os gastos ocasionados pola organización do evento ou actividade para a operatividade do proxecto subvencionado.

2.2. Nos criterios de avaliación da subvención existen diversos epígrafes, nembargantes a subvención ten un carácter único, polo que a xustificación será sobre o total do importe da dita subvención, e se xustificará con calquera dos gastos que figura no apartado anterior.

2.3. A contía da subvención será proposta pola comisión avaliadora e aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, consonte cos criterios de avaliación establecidos no artigo 12 das presentes Bases, e será compatible con calquera outra subvención ou ingreso efectivo a favor da entidade solicitante.

2.4. A entidade deportiva solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para a organización do evento subvencionado que teña solicitado.

2.5. A subvención concedida se destinará exclusivamente a cubrir os gastos directamente relacionados coa organización do evento ou actividade para o que se solicita a subvención. A convocatoria prevé a subcontratación das actividades subvencionadas conforme o establecido no artigo 27 da LSG.

#### Artigo 3. Requisitos dos solicitantes e beneficiarios.

3.1. Poderán solicitar axudas á presente convocatoria os clubs deportivos, asociacións deportivas, e entidades deportivas que cumpran os requisitos que establece esta convocatoria, e que desenvolvan a actividade ou evento a subvencionar na cidade de Vigo, organizados durante todo o ano 2008. Asemade deben ter personalidade xurídica propia e sen finalidade lucrativa.

3.2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As entidades que teñan fin lucrativo.
- As entidades deportivas que teñan carácter profesional.
- As entidades deportivas as que, o Servizo de Deportes do Concello de Vigo, lles outorgue trofeos polo importe da subvención con cargo ó orzamento de 2008.
- As entidades deportivas organizadoras de eventos deportivos habituais no calendario deportivo de Vigo, que polas súas peculiaridades, repercusión social e relevancia, sexan desenvoltas co Concello de Vigo a través dun convenio de colaboración entre ambas partes.

- Os solicitantes para obter a condición de beneficiarios deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En consecuencia, ós solicitantes esixiralles unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

#### Artigo 4. Financiamento da convocatoria.

O financiamento das axudas e subvencións concedidas ó abeiro desta convocatoria, será con cargo á partida orzamentaria para 2008; 4521.489.00.01 “Subvención eventos deportivos”, por un importe total de 130.000,00 euros (cento trinta mil euros). En todo caso, esta cantidade pode ser ampliada seguindo a tramitación necesaria.

#### Artigo 5. Formalización das solicitudes e documentación.

Comprende a instancia de solicitude e os distintos cuestionarios da mesma, así como a documentación requirida nestas Bases incluídos nos anexos desta convocatoria. Os cuestionarios de solicitude, os impresos e demais documentación, atópanse a disposición dos interesados nas oficinas da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, Praza do Rei s/n. 10ª planta, así como na propia paxina web do Concello de Vigo.

5.1. A instancia de solicitude estará dirixida o Concelleiro delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo formulada polo representante legal da entidade peticionaria e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo; ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

5.2. A cada exemplar de instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

- a) Modelos dos cuestionarios e certificados de solicitude correspondentes o anexo I.
- b) Datos referentes o evento para o que se solicita a subvención: características xerais, categoría do evento, número de deportistas participantes, e de selo caso, de equipos participantes, así como os aspectos máis salientables en relación coa importancia do evento.
- c) Certificado do secretario/a ou tesoreiro/a da entidade do orzamento de ingresos para o evento solicitado.
- d) Certificado do secretario/a ou tesoreiro/a da entidade do orzamento de gastos para o evento solicitado.
- e) Certificado do secretario da entidade no que conste quen ten a condición de representante legal da entidade.
- f) Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.
- g) Certificado de estar o corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social e Axencia Tributaria. Estas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable do solicitante como reximen simplificado desta acreditación.
- h) Certificado de estar ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias do Concello de Vigo, o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo.
- i) Fotocopia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- j) Todos os datos referidos ó enderezo, código postal, etc.
- k) Declaración doutras axudas públicas solicitadas ou concedidas para financiar ás actividades polas que solicita a presente subvención
- l) Declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

#### Artigo 6. Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes, a esta convocatoria, será de 30 días naturais contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### Artigo 7. Subsanción da solicitude.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presenta convocatoria, o solicitante será requirido para

que, no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, complete a documentación ou amaíe a falla, con advertencia de que se non o fixera, se lle terá por desistida a súa solicitude, e arquivarase o expediente.

#### Artigo 8. Avaliación e proposta de resolución.

A avaliación das solicitudes presentadas a esta convocatoria, realizarase mediante un proceso interno de avaliación conforme establece a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por un órgano colexiado composto polo Concelleiro de Deportes, un técnico da área de deportes, e un funcionario que actuará como secretario.

8.1 O Servizo de Deportes fará a proposta á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación do órgano colexiado, e tendo en conta os criterios e baremos que figuran no artigo 12. Os datos a puntuar corresponderán o evento ou actividade para o que solicita subvencións.

#### Artigo 9. Aceptación e obrigas que comportan a concesión de subvención.

A aceptación por parte dos adxudicatarios da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fin de lucro e leva implícita a autorización á Concellería de Deportes do Concello de Vigo a facer públicos as subvencións concedidas dacordo co definido no artigo 15 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9.1. O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

- Cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Deberán empregarlo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan.
- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.
- En todas as publicacións, carteis, rótulos...etc, é indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.
- O Compromiso da utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento,
- O Compromiso do emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

9.2. Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá comprobalo correcto destino da subvención, procedendo no suposto de non ser o prefixado, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar do Concello de Vigo novas peticións.

9.3. A concesión da subvención implica a aceptación por parte dos adxudicatarios das obrigas sinaladas no dito artigo 12 Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 10. Xustificación das axudas

A resolución da Xunta de Goberno Local notificaráselle ós interesados. Para tramitar o pago do importe da subvención concedida, terán que achegar a seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, tanto no aspecto deportivo como económico.
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados o proxecto subvencionado, en relación do apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:
  - a. Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados

- directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.
- b. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
  - c. Atendendo a especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións ou pola propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
  - d. En relación a xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estos conceptos.
  - e. Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou vinculadas a Universidade a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón em contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (Modelos para a xustificación).
  - Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación co outorgamento da subvención.
  - En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa co proxecto do evento organizado e subvencionado, e non deberá constar de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatória.
  - Ningunha entidade deportiva adxudicataria das subvencións, poderá percibir, mentres teña débedas por calquera concepto co Concello de Vigo e os seus organismos autónomos. A tal efecto, presentarán certificado no que consten estes extremos.
  - No caso de non presentar a documentación deste apartado, o expediente de subvención será revocado coa conseguinte perda da subvención.
  - A presentación de xustificantes en ningún caso excederá o prazo do 60 días hábiles seguintes a sua finalización e en todo caso sempre antes do 12 de decembro de 2008. En caso contrario perderase o dereito a percibir a axuda. No caso dos eventos realizados con anterioridade a esta convocatória terán de prazo 60 días naturais dende a notificación da subvención. Non obstante o anterior, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, poderá ser ampliado o prazo destas xustificacións se ocorreran excepcións debidamente acreditadas.
  - O persoal Técnico da Concellería de Deportes será o encargado do seguimento da execución das subvencións, así como de certificar a adecuada xustificacións da subvencións mediante a emisión dun informe que se incorporará coa conta xustificativa e a documentación presentada no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### Artigo 11. Reintegro das contías percibidas:

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 12. Criterios de avaliación.*

*No caso de que a suma de todas as subvencións supere o crédito total previsto, se rebaixarán proporcionalmente ata encaixarlas no crédito do ano 2008.*

*Os criterios para avaliar as solicitudes desta convocatoria é o seguinte;*

*1- Eventos de ámbito internacional:*

- Pola difusión da imaxe da cidade: ata un máximo de 30.000 Euros.*
- Pola importancia deportiva do evento: ata un máximo de 30.000 Euros.*

*2- Resto do eventos:*

- Polo ámbito do evento:*
- Eventos de ámbito estatal (Final de campionato de España ou similar): Ata un máximo de 12.000 Euros.*
- Eventos de ámbito galego (Campionato de ámbito Galego ou similar): Ata un máximo de 3.000 Euros.*
- Eventos de ámbito provincial ou local: Ata un máximo de 2.000 Euros.*
  
- Importancia do evento ou actividade deportiva para a cidade: ata un máximo de 6.000 Euros (Valorarase a repercusión que tivo ou pode ter a actividade para vigo, en aspectos como a imaxe da cidade, repercusión deportiva...)*
- Importancia social do evento. Ata un máximo de 3.000 Euros*
- Número máximo de participantes (real ou previsto): Ata un máximo de 3.000 Euros.*
- Pola potenciación do deporte feminino ata un máximo de 12.000 Euros. Teranse en conta as actuacións que se desenvolvan a favor do deporte feminino con especial relevancia nos deportes que teñan un marcado carácter masculino.*
- Pola difusión da imaxe deportiva da cidade. Ata un máximo de 6.000 Euros, terase en conta a colocación e inserción do llogo institucional do Concello de Vigo, tanto na equipaxe como nos elementos deportivo. Avaliarase tanto ós clubs que teñan o logoptipo da imaxe de marac do Concello de Vigo na tempada 2007-2008, como os que adquiran compromiso por escrito da colocación na tempada 2008-2009. Para a avaliación teranse en conta as características de cada modalidade deportiva.*

**5(379).- CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA SÚA ACTIVIDADE DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2007-2008. EXPTE. 7683/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 7.03.08, o informe de fiscalización, de data 11.03.08, e de acordo co informe-proposta do deportivo do IMD, do 11.02.08, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria específica pra a concesión de subvencnións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro para as actividades e proxectos deportivos da tempada 2007/2008.

2º.- Autorizar o crédito de 569.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.00 "Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro, do vixente orzamento.

*Convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo en relación á actividade deportiva da tempada 2007/2008.*

*A Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, no seu artigo 13.1 sinala como competencia dos*



concellos a de fomentar e promover a actividade deportiva. Esta convocatoria vai a instrumentar o programa de subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro, con tal motivo, e no marco das súas competencias o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, regula o acceso ás subvencións a través destas bases, e a tal fin destina no seu orzamento do ano 2008 a cantidade de 4521.489.00.00 "Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro, por un importe total de 569.000,00 euros (cincocentos sesenta e nove mil euros).

Por todo isto convocanse as subvencións para as entidades deportivas de Vigo en relación a actividade deportiva correspondente a temporada 2007-2008.

A convocatoria destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

**Artigo 1. Lexislación aplicable.**

A lexislación aplicable, para esta convocatoria específica de subvencións é a que resulta da seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Artigo 2. Obxecto, natureza e contía das axudas.**

A presente convocatoria ten por finalidade promover en réxime de concorrência competitiva a concesión de subvencións entre as entidades deportivas sen fins de lucro que reunan os requisitos establecidos nesta convocatoria específica de subvencións, co obxecto de fomentar o deporte e a práctica deportiva. Sendo a sua finalidade o outorgamento de subvención municipal, da actividade deportiva en xeral, das entidades deportivas de Vigo. Inclúese a participación en actividades deportivas así como a organización destas, durante a temporada 2007-2008.

2.1. Os gastos subvencionables corresponderán o funcionamento da entidade e gastos ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas, os gastos de pagamento de licencias federativas, viaxes, aloxamento e comidas, arbitaxes, adestradores, alugamento de instalacións deportivas, compras de material como balóns, útiles deportivos, etc. En xeral son subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva para o cumprimento dos seus fins, o longo da temporada 2007/2008, quedando excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).

2.2.- As subvencións os clubs teñen un carácter único, e aínda que se valoran aspectos como a participación ou organización en eventos deportivos, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados pola actividade durante a tempada, servindo como xustificante os gastos que se definen no apartado 2.1. e de forma específica en base o apartado e criterios establecidos no acordo do importe subvencionado.

2.3. A contía da subvención será proposta pola comisión avaliadora e aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, consonte cos criterios de avaliación establecidos no artigo 12 das presentes Bases, e será compatible con calquera outra subvención ou ingreso efectivo a favor da entidade solicitante.

2.4. A entidade deportiva solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para a temporada 2007-2008.

2.5. A subvención concedida destinarase en exclusiva a cubrir os gastos directamente relacionados coa actividade do club durante a tempada 2007-2008, e que se definen no apartado 2.1. Do proxecto xeral presentado a subvención estará referida os criterios específicos subvencionados.

2.6.- A definición da tempada deportiva 2007/2008 estará definida en relación a vixencia da mesma para cada modalidade deportiva e a xustificación da subvención por parte da entidade beneficiaria da subvención deberá estar directamente relacionada coa tempada de referencia, polo que serán válidos aqueles xustificantes do ano 2007 e 2008 a favor da entidade que estén vinculados a dita tempada. En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

*Artigo 3. Requisitos dos solicitantes e beneficiarios.*

*Poderán solicitar axudas á presente convocatoria os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan o seu enderezo social en Vigo e que cumpran os requisitos que establece esta convocatoria. Asemade, deben ter personalidade xurídica propia e sen finalidade lucrativa.*

*3.1. En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.*

*3.2 Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:*

- As federacións deportivas.*
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.*
- Os clubs que por calquera causa se retiraran da competición oficial durante algunha das tempadas 2006/2007/2008*

*3.3 As entidades deberán estar integradas nas competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.*

*3.4 Os solicitantes para obter a condición de beneficiarios deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En consecuencia, ós solicitantes esixiralles unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.*

*Artigo 4. Financiamento da convocatoria.*

*O financiamento das axudas e subvencións concedidas ó abeiro desta convocatoria, será con cargo á partida orzamentaria para 2008; 4521.489.00.00 “Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro, por un importe total de 569.000,00 euros (cincocentos sesenta e nove mil euros). En todo caso, esta cantidade pode ser ampliada seguindo a tramitación necesaria.*

*Artigo 5. Formalización das solicitudes e documentación.*

*Comprende a instancia de solicitude e os distintos cuestionarios da mesma, así como a documentación requirida nestas Bases incluídos nos anexos desta convocatoria. Os cuestionarios de solicitude, os impresos e demais documentación, atópanse a disposición dos interesados nas oficinas da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, Praza do Rei s/n. 10ª planta, así como na propia paxina web do Concello de Vigo.*

*5.1. A instancia de solicitude estará dirixida o Concelleiro delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo formulada polo representante legal da entidade peticionaria e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo; ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.*

*5.2. A cada exemplar de instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.*

- a) Modelos dos cuestionarios e certificados de solicitude correspondentes o anexo I.*
- b) Datos referentes á actividade da entidade deportiva, nº de equipos, categorías, actividades que organizan e actividades nas que teñen previsto participar, deportistas, etc.*
- c) Certificado da federación correspondente do número de equipos federados en cada categoría e do número de licencias en cada categoría.*
- d) Certificado do secretario/a ou tesoureiro/a da entidade do orzamento de ingresos para a tempada 2007/08 co visto bo do presidente/a*
- e) Certificado do secretario/a ou tesoureiro/a da entidade do orzamento de gastos para a tempada 2007/08 co visto bo do presidente/a*
- f) Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.*
- g) Certificado de estar o corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social e Axencia Tributaria. Estas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable do solicitante como reximen simplificado desta acreditación.*
- h) Certificado de estar o corrente do pagamento coas obrigas tributarias do Concello de Vigo, o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo.*
- i) Fotocopia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.*
- j) Todos os datos referidos ó enderezo, código postal, etc.*
- k) Declaración doutras axudas públicas solicitadas ou concedidas para financiar ás actividades polas*

- que solicita a presente subvención
- l) *Declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

*Artigo 6. Prazo de presentación.*

*O prazo para presentar as solicitudes, a esta convocatoria, será de 30 días naturais contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.*

*Artigo 7. Subsanación da solicitude.*

*Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presenta convocatoria, o solicitante será requirido para que, no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, complete a documentación ou amañe a falla, con advertencia de que se non o fixera, se lle terá por desistida a súa solicitude, e arquivarase o expediente.*

*Artigo 8. Avaliación e proposta de resolución.*

*A avaliación das solicitudes presentadas a esta convocatoria, realizarase mediante un proceso interno de avaliación conforme establece a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por un órgano Colexiado composto polo Concelleiro de Deportes, un técnico da área de deportes, e un funcionario que actuará como secretario.*

*8.1 O Servizo de Deportes fará a proposta á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación do órgano Colexiado, e tendo en conta os criterios e baremos que figuran no artigo 12. Os datos a puntuar corresponderán as actividades da tempada 2007/2008.*

*8.2 No caso de que a avaliación das solicitudes nesta temporada 2007-2008 exceda o crédito destinado a este programa, o Servizo de Deportes axustará proporcionalmente a totalidade das subvenciones ata encaixalas no crédito do ano 2008. O cálculo se realizará multiplicando cada unha das cantidades polo coeficiente corrector que resulte.*

*Artigo 9. Aceptación e obrigas que comportan a concesión de subvención.*

*A aceptación por parte dos adxudicatarios da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fin de lucro e leva implícita a autorización á Concellería de Deportes do Concello de Vigo a facer públicos as subvencións concedidas dacordo co definido no artigo 15 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*9.1. O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.*

- Cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria*
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.*
- Deberán empregarlo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan.*
- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.*
- En todas as publicacións, carteis, rótulos...etc, é indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.*
- O Compromiso da utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento,*
- O Compromiso do emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

*9.2. Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, poderá comprobalo correcto destino da subvención, procedendo no suposto de non ser o prefixado, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar do Concello de Vigo novas peticións.*

9.3. A concesión da subvención implica a aceptación por parte dos adxudicatarios das obrigas sinaladas no dito artigo 12 Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 10. Xustificación das axudas

A resolución da Xunta de Goberno Local notificaráselle ós interesados. Para tramitar o pago do importe da subvención concedida, terán que achegar a seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades solicitadas, tanto no aspecto deportivo como económico.
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados o proxecto subvencionado, en relación do apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:
  - a. Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que esté exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.
  - b. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará ó expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.
  - c. Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou pola propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.
  - d. En relación a xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.
  - e. Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou vinculadas á Universidade a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (Modelos para a xustificación).
- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación co outorgamento da subvención.
- En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa a tempada deportiva 2007/2008, e non deberá constar de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatória.
- Ningunha entidade deportiva adxudicataria das subvencións, poderá percibir, mentres teña débedas por calquera concepto co Concello de Vigo e os seus organismos autónomos. A tal efecto, presentarán certificado no que consten estes extremos.
- No caso de non presentar a documentación deste apartado, o expediente de subvención será revocado coa conseguinte perda da subvención.
- A presentación de xustificantes en ningún caso excederá o prazo do 10 de outubro de 2008. En caso contrario perderase o dereito a percibir a axuda. Non obstante o anterior, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, poderá ser ampliado o prazo destas xustificacións se ocorreran excepcións debidamente acreditadas.

- O persoal Técnico da Concellería de Deportes será o encargado do seguimento da execución das subvencións, así como de certificar a adecuada xustificacións da subvencións mediante a emisión dun informe que se incorporará coa conta xustificativa e a documentación presentada no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

*Artigo 11. Reintegro das contías percibidas:*

*As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Artigo 12. Criterios de avaliación.*

*Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 100 puntos:*

*a) Actividades xeral da entidade solicitante:*

a.1.	Relevancia da modalidade deportiva e nivel das competicións en que participen os equipos ou deportistas integrantes do entidade deportiva.	Ata 30 puntos
a.2.	Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local.	Ata 10 puntos

*b) Promoción do deporte base:*

b.1.	Promoción da actividade deportiva na base; teranse en conta proxectos de colaboración asinados con centros educativos para o desenvolvemento de programas deportivo-educativo.	Ata 10 puntos
b.2.	Número de equipos e deportistas de categoría feminina.	Ata 10 puntos
b.3.	Número de equipos e deportistas ata categoría xuvenil.	Ata 10 puntos

*c) Estrutura da entidade deportiva:*

c.1.	Gastos en aluguer de instalacións deportivas	Ata 15 puntos
c.2.	Desprazamentos a competicións oficiais, distancia e número de deportistas desprazados.	Ata 10 puntos
c.3.	Número de técnicos titulados no proxecto global do club.	Ata 5 puntos

**6(380).- CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA AS SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E ORGANIZACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA DURANTE O ANO 2008. EXPTE. 686/334.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 6.03.08, o informe de fiscalización, de data 11.03.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 14.02.08, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria específica para as subvencións a asociacións e organizaicóns sen ánimo de lucro para a realización de actividades de dinamización e promoción do uso da lingua galega durante o ano 2008.

2º.- Autorizar un gargo por un importe de 6.000,00 €, con cargo á partida 4633.489.00.00 do vixente presuposto para o ano 2009, para atender as solicitudes presentadas ó abeiro desta convocatoria.

*CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA AS SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS E ORGANIZACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA DURANTE O ANO 2008*

*Primeiro*

*En virtude do establecido na base 38 de execución de orzamento do ano 2008 e no marco xurídico definido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o SNL do Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas ao fomento e dinamización da lingua galega que sexan compatíbeis ou subsidiarias coas que realiza o Concello de Vigo durante o exercicio do 2008.*

*Segundo*

*A contía da presente convocatoria ascende a 6.000,00 €, con cargo á partida 4633.489.00.00.*

*Terceiro*

*O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

*Cuarto*

*As solicitudes presentaranse mediante instancia normalizada que se establece nas bases, anexos I e II, acompañada dos datos resumidos do proxecto, anexos III e IV, e demais documentación requirida nas bases.*

*Quinto*

*O prazo para a execución das actividades subvenionábeis será até o 30 de novembro de 2008.*

*Sexto*

*Apróbanse as bases e anexos, que se achegan ao expediente, que rexerán a convocatoria de subvencións destinadas á promoción e dinamización da lingua galega no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*BASES CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA AS SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS E ORGANIZACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA DURANTE O ANO 2008.*

*LIMIAR*

*O fomento da presenza social da lingua galega é o principal obxectivo da convocatoria específica de subvencións do SNL.*

*Acadarmos máis espazos de uso, maior e mellor coñecemento da lingua de noso, recuperar ámbitos formais para a lingua galega son os eixos fundamentais para conquerirmos a normalización do idioma propio de Galiza.*

*Mais este empeño non pode conseguirse sen implicar á sociedade, sen facer deste noso obxectivo unha meta*

común. Daquela cómpre que dende a propia sociedade se promovan actuacións dinamizadoras da lingua galega.

É competencia do SNL as subvencións adicadas á promoción social da lingua galega que dende esta administración local se puidesen outorgar.

Tal e como se recolle no Plan xeral de normalización lingüística do goberno galego, aprobado por unanimidade no Parlamento galego en setembro de 2004, cómprenos:

- Concienciar as asociacións e colectivos sociais da pertinencia e necesidade de usar a lingua galega nas súas iniciativas.
- Lograr que as asociacións e colectivos sociais continúen a ser axentes de promoción da lingua.

E determina, entre outras medidas, para acadar estes obxectivos: “establecer convenios, actuacións, e outros incentivos para desenvolver accións que impulsen avance no uso da lingua galega”.

Con este espírito o SNL do Concello de Vigo aprobará, con carácter anual, e a poder ser as convocatorias para o outorgamento de subvencións para a promoción de actividades dinamizadoras do uso e coñecemento da lingua galega, que se axustarán ao estipulado nas súas bases.

A convocatoria establecerá o termo para a presentación das solicitudes, por un período non inferior a 20 días naturais- contados, tras a publicación da convocatoria no BOP, crédito máximo para a convocatoria. Asemade, a convocatoria poderá complementar estas bases coa concreción de novas prioridades e obxectivos temáticos ou territoriais para a priorización de proxectos, número de proxectos que se poden presentar a cada epígrafe e variación de contías máximas para percibir.

Durante o período da convocatoria atoparanse as bases expostas no SNL do Concello de Vigo e inserirase anuncio na paxina web do Concello xunto coa convocatoria e formularios necesarios para concorrer a esta.

No caso de que unha vez resolta a convocatoria pública de subvencións e no transcurso do exercicio quedase crédito sen aplicación na partida correspondente, poderase atender aquelas solicitudes que non acadases subvención, sempre que estas solicitudes fosen presentadas no seu momento dentro da convocatoria, atendendo aos criterios, requisitos, procedementos e outros extremos expostos nestas bases.

#### *Primeira. NORMATIVA*

A lexislación aplicable, para esta convocatoria específica de subvencións e a que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

#### *Segunda. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA MÁXIMA DAS SUBVENCIÓNS*

O importe total do conxunto das subvencións é 6.000,00 euros con cargo á partida orzamentaria do SNL 4633.489.00.00 do orzamento de 2008.

A contía máxima das subvencións non poderá exceder dos 2.000 euros por proxecto e asignarse en relación directa á puntuación acadada. En caso de que unha mesma entidade presente máis dun proxecto e sexan aceptados, a suma total de cantidades asignadas a elas tampouco poderá superar os 2.000 euros.

A contía de cada subvención poderá chegar até o 80% do custo da actividade.

#### *Terceira. OBXECTO, FINALIDADE E CONDICIÓNS*

3.1. O obxecto da convocatoria é a subvención de actuacións a asociacións e organizacións sen ánimo de lucro. Actuacións cuxa finalidade principal é estender o uso social da lingua galega no ámbito territorial do Concello de Vigo.

3.2. Actuacións que terán como finalidades:

Potenciar e difundir actividades tendentes a acadar maior e mellor coñecemento da lingua galega e da realidade sociolingüística galega en xeral e viguesa en particular.

Potenciar e difundir accións encamiñadas a ofertar novos espazos de uso para a lingua de noso.

Levar a cabo proxectos que permitan o desenvolvemento normal en lingua galega das e dos cidadáns vigueses.

Dinamizar o uso da lingua de noso entre as e os seus membros con proxectos que poidan estenderse ao resto de movementos asociativos.

3.3. Son condicións indispensábeis:

- a) Demostrar o seu compromiso con este programa encamiñados a acadar a normalización do idioma na súa actividade.
- b) Velar polo compromiso na utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista na execución do programa.
- c) Ter como ámbito de actuación parte ou a totalidade do termo municipal.
- d) Que o conxunto de actividades para o que se solicita subvención, se leve a cabo no ano da convocatoria e a súa execución non supere o 30 de novembro do correspondente exercicio económico da convocatoria.
- e) Presentar a solicitude dentro do prazo estipulado na convocatoria.
- f) Acadar unha valoración global mínima de 12 puntos en total, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a material non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

3.4. Serán proxectos subvencionábeis aqueles incluídos nalgunha destas categorías:

- a) Galeguización permanente da entidade.
- b) Campañas de dinamización do uso da lingua no ámbito de actuación da entidade.
- c) Produción de materiais en galego que teñan como fin introducir ou estender o uso social da lingua no seu ámbito de actuación.
- d) Accións encamiñadas a fomentar o coñecemento da lingua.

Non serán proxectos subvencionábeis aqueles que:

1. Dupliquen as actividades organizadas polo propio Servizo de Normalización Lingüística.
2. Dupliquen os servizos ou actividades doutras administracións públicas ou mesmo privadas.
3. Inclúan no seu orzamento de gastos o mantemento ordinario da entidade solicitante, malia poderen incluír gastos de persoal contratado para un programa específico.
4. Supoñan actividades que teñan unha canle específica de subvención por parte doutros departamentos/área do Concello: deportes, educación, mocidade, turismo, cultura,...
5. Teñan subscrito para a mesma finalidade un convenio de colaboración ou contratación de servizos co Concello de Vigo, ou dispoñan de axuda doutras áreas do Concello de Vigo.
6. Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional ou incorran en calquera causa de inconstitucionalidade.
7. Inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
8. Aquelas que en consideración ao proxecto non reúnen as condicións mínimas de interese xeral e non obteñan unha valoración global mínima de 12 puntos en total, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a material non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

Cuarta. CRITERIOS DE AVALIACIÓN



A cada proxecto outorgaráselle até un máximo de 5 puntos por cada un dos apartados seguintes:

1. *Calidade das actuacións e adecuación nos obxectivos determinados na cláusula terceira destas bases.*

- *calidade do proxecto: 0 a 2 puntos*

- *por recoller o proxecto un ou máis obxectivos dos determinados na cláusula terceira: 1 punto por cada obxectivo recollido até un máximo de 3 puntos.*

2. *Incidencia en ámbitos en que o galego está pouco presente.*

- *Ámbito de aplicación: 0-2 puntos (valoraranse aquelas actuacións que supoñan a apertura de novas canles de presenza da lingua galega na sociedade).*

- *Número de beneficiarios: 0-2 puntos.*

- *Participación de voluntariado: 0-1 puntos.*

3. *Proxectos que pidan ser desenvolvidos ao longo do tempo: 0-3 puntos; proxectos que poidan ser extrapolados a outros ámbitos e sectores coas adaptacións precisas: 0-2 puntos.*

4. *Difusión social do proxecto: publicidade: 0-1 puntos; material informativo: 0-1 puntos; material formativo: 0-2 puntos; outros: 0-1 puntos.*

5. *Compromiso coa igualdade: utilización linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para difusión da actividade ou evento: 0-2 puntos; proxectos que promovan a participación das mulleres nas actividades subvencionadas: 0-2 puntos; proxectos que teñan como unha das súas finalidades visibilizar a aportación das mulleres no eido da subvención: 0-1 punto.*

O total do orzamento adicado ás axudas, dividido entre o número total de puntos adxudicados a todos os proxectos anuais, fixará o valor de cada punto. O valor equivalente a un punto, multiplicado polos puntos de cada proxecto, determinará a contía da subvención outorgada.

#### Quinta. *PROCEDIMENTO*

A concesión das subvencións será polo réxime de concorrencia competitiva.

#### Sexta. *OBRIGAS*

Os/as solicitantes de subvencións quedan obrigados/as a:

- a) *Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.*
- b) *Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.*
- c) *Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- d) *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor/a e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.*
- e) *Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e ter ao día a súa documentación.*
- f) *Estar ao corrente nos pagamentos ao Concello de Vigo, así como das restantes obriga tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.*

- g) *Ter xustificado, debidamente, aquelas axudas outorgadas polo Concello de Vigo no ano anterior.*
- h) *Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.*
- i) *Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.*
- *Someterse ao seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo a Concellaría de Normalización Lingüística, segundo o disposto no artigo 46 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
  - *Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados, a participación da Concellaría de Normalización Lingüística, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.*
  - *Comunicar a obtención de claquera outra subvención concedida para o mesmo proxecto.*

#### *Sétima. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA*

*As solicitudes deberán achegar a seguinte documentación:*

- a) *Solicitude de subvención dirixida á concelleira de Normalización Lingüística, segundo modelo normalizado (anexos I e II). Presentarase unha única solicitude para todos os proxectos solicitados.*
- b) *Certificación asinada polo/a secretario/a da entidade relativa:*
- *Data do acordo da asemblea do órgano de dirección na que se decide solicitar subvención, e importes solicitados.*
  - *Outorgamento de autorización á persoa que representa a entidade na tramitación da subvención.*
- c) *Proxecto de actividades de dinamización da lingua para as que se solicita subvención (anexos III e IV). Cómpre cubrir estes anexos tantas veces (até un máximo de tres que é o máximo de proxectos por asociación) como proxectos se presenten.*
- No(s) proxecto(s) aparecerá(n) claramente expostos: obxectivos, destinatarios/as, datas de realización, con indicación de se a actividade é permanente ou ten algún tipo de continuidade, descrición das actividades con indicación dos medios empregados, canles de difusión e orzamento total desagregado.*
- d) *Fotocopia do CIF da persoa xurídica solicitante.*
- e) *Entidade bancaria: incluírá o/a titular (que deberá coincidir coa asociación solicitante) o número de conta, nome da Entidade e enderezo completo.*
- f) *Certificación asinada polo/a secretario/a da entidade relativa ás subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto.*

*A documentación relativa ao proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias*

*municipais polos solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido o dito prazo, a administración municipal non virá obrigada a súa custodia.*

*O feito da presentación da solicitude suporá que a/o solicitante coñece e acepta estas bases da convocatoria.*

#### *Oitava. SOLICITUDE E PRAZOS*

*As solicitudes de subvención dirixiranse á concelleira de Normalización Lingüística e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, mediante a presentación da solicitude de subvención, nos impresos normalizados.*

*O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

*Durante todo este período e co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades e a concorrencia, atoparanse expostas no SNL do Concello de Vigo, ademais daráselle cumprida publicidade á convocatoria na prensa local.*

#### *Novena. INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO*

*A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Servizo de Normalización Lingüística.*

*Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo desta e da documentación de debe de acompañalas. Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos nestas bases, o/a interesado/a será requirido/a para que no prazo de dez días, que se contarán dende a recepción da notificación, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, se desestimarán a súa petición, que se arquivará sen máis trámites ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992. O SNL poderá pedir cantos informe estime necesarios para propor a resolución de subvencións.*

*Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada pola concelleira de Normalización Lingüística que actuará como presidenta, a técnica do Servizo de Normalización Lingüística e o asesor xurídico da Área.*

*A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes á que se refiren os apartados 3 e 4 da cláusula terceira e valorando as restantes solicitudes, conforme o establecido na cláusula décimo segunda.*

*Tras o informe e proposta da Comisión de Valoración, o SNL remitiralle á Xunta de Goberno local a proposta de resolución definitiva.*

*Correspóndelle á Xunta de Goberno Local ou a Alcaldía a resolución motivada da concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes.*

*A resolución das solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local ou da Alcaldía, unha vez realizados os informes e trámites preceptivos.*

#### *Décima. PRAZO DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN*

*A Xunta de Goberno Local resolverá, de xeito motivado, a concesión ou desestimación das axudas solicitadas no prazo de catro meses, que contará dende a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes.*

*O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.*

*A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme o previsto no art. 24 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións da Galicia.*

#### *Décimo primeira. REFORMULACIÓN DAS SOLICITUDES*

*Consonte co establecido no art. 25 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades, e a proposta de resolución provisoria sexa inferior á solicitada, poderase reformular a solicitude para axustar os compromisos e as condicións á subvención outorgábel.*

*A reformulación deberá respectar o obxecto, as condicións e as finalidades determinadas na cláusula terceira destas bases.*

#### *Décimo segunda. RECURSOS*

*Contra as resolucións administrativas que se adopten en execución delas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestarse; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa (tras modificación dada pola Lei 19/2003, do 23 de decembro) no prazo de dous meses.*

*Asemade, contra a presente resolución tamén poderase interpoñer directamente o dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.*

*En todos os casos os prazos contaranse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.*

#### *Décimo terceira. MEDIO DE NOTIFICACIÓN*

*A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme o previsto no art. 59 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*As subvencións concedidas ao non acadaren os 3.000 euros exporanse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.*

*En ambos casos expresaranse o/a beneficiario/a, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.*

#### *Décimo cuarta. PRAZO E XUSTIFICACIÓN*

*Os/as beneficiarios/as xustificarán a execución da proposta subvencionada nos 30 días hábiles seguintes á súa finalización, e en todo caso, antes do 15 de decembro do correspondente exercicio económico. De non cumprirse este requisito perderase o dereito a percibir a axuda.*

*A xustificación da subvención deberá facerse polo 100% do seu importe.*

*A xustificación de cada proxecto subvencionado efectuarse segundo o modelo normalizado, anexo V, que recollerá:*

- a) Solicitude de liquidación final.*
- b) Memoria da execución do proxecto: descritiva do desenvolvemento e avaliación da actividade, a cal deberá incluír como mínimo os seguintes datos:*
  - Sobre as e os participantes: números, perfil, participación...*

- ❑ *Explicación do desenvolvemento da actividade.*
  - ❑ *Memoria de prensa, e de se ter editado material, dous exemplares de cada un deles. De non se ter editado cómpre especificar este extremo.*
- c) *Memoria de xustificación económica, composta por:*
- ❑ *Relación de ingresos e gastos.*
  - ❑ *Relación das contías ingresadas por todos os conceptos (achegas doutros patrocinadores, subvencións, achegas de entidades beneficiarias...).*
  - ❑ *Número de xustificante, factura, data, provedor, CIF/NIF, concepto importe total, importe imputado, data de pago.*
  - ❑ *Xustificantes dos gastos efectuados con cargo a axuda recibida, acreditados mediante facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Neste sentido non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas do artigo 3 do RD 2402/1985, do 18 de decembro.*

#### *Décimo quinta. PAGAMENTO*

*Para os efectos de pagamento da subvención polo Concello de Vigo, considerarase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquera documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na convocatoria e respondan á natureza da actividade subvencionada. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionábeis poderán ser superiores ao valor de mercado.*

*O pagamento da subvención efectuarase tras a xustificación, da realización da actividade e nos termos establecidos nestas bases, mediante transferencia bancaria.*

*Producirase de xeito automático, sen acordo expreso do órgano que autorizou as axudas, a perda do dereito ao cobro total no suposto de falta de xustificación en prazo.*

*Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e pago dela, procederá, por razóns debidamente motivadas, o dereito ao cobro parcial e redución proporcional da subvención, no caso:*

- ❑ *Non execución dalgunha das unidades do proxecto ou execución deficiente deste.*
- ❑ *Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100% e maior do 50% do importe subvencionado.*
- ❑ *Obtención de maior financiamento da prevista no proxecto,*
- ❑ *Incumprimento das obrigas do beneficiario.*

*No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do presuposto subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.*

*A resolución-liquidación da axuda será competencia da concelleira delegada de Normalización Lingüística.*

*O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria unha vez rematadas as actividades e/ou programas subvencionados, e tras a comprobación da veracidade da documentación requirida na base décimo primeira.*

*Unha vez que o Concello de Vigo notifique a contía e obxecto da subvención a entidade remitirá no prazo máximo de quince días a contar desde o día seguinte da data de notificación, a programación adaptada á contía de subvención percibida, indicando, para cada actividade:*

-Calendario, horario e local de realización.

-Data de inauguración e/ou clausura do evento.

-Documento/s que se utilizará/n como xustificantes da subvención.

-Nome das persoas físicas ou xurídicas que impartirán as clases ou obradoiros, conferencias, titorías, adestramentos, probas, etc.

-Sempre que fose posíbel, deseño da propaganda a imprimir, para conformar polo Servizo de Normalización Lingüística, de non presentarse para conformidade de acordo co previsto no apartado l) da cláusula sexta destas mesmas bases. A tal fin entregarase cunha semana de antelación os modelos de convocatoria e outros impresos. A conformidade darase por escrito na marxe do documento antes da súa impresión.

#### Décimo sexta. INCIDENCIAS NA EXECUCIÓN NOS PROXECTOS

A aparición de eventualidades na execución do programa e/ou no orzamento da proposta realizada comunicarase no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produzan; solicitarase asemade, de proceder, a modificación de concesión da presente subvención. Esta modificación realizarase sempre antes de que remate a execución da proposta subvencionada e, en ningún caso, suporá incremento na subvención.

No caso de que unha asociación non puidese, excepcionalmente, desenvolver algunha das actividades subvencionadas, poderáselle propor ao SNL o proxecto alternativo que se considere máis axeitado para o destino do importe subvencionado.

Os cambios propostos serán debidamente razoados, e presentados con, cando menos, un mes de antelación a execución prevista. As propostas de cambio formuladas pola entidade, nunca se referirán a máis dun proxecto.

Os novos proxectos deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) Enmarcarse dentro do programa e obxectivos previstos nestas bases.
- b) Ser de igual nivel técnico que o proxecto o cal substitúe.
- c) Ser presentados cumprindo as mesmas condicións e a mesma forma que o que establecen as bases.

En calquera caso, será o SNL quen valore a excepcionalidade dos cambios e as razóns aducidas para iso, co obxecto de ser admitidos ou non, a trámite. O prazo de resolución da solicitude de modificación da concesión será dun mes que contará dende a súa entrada no Rexistro Xeral. Transcorrido o prazo sen resolución expresa entenderase estimada a solicitude.

#### Décimo sétima. COMPATIBILIDADE

A concesión de subvencións ao abeiro da presente convocatoria será compatíbel con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o seu importe global das mesmas non supere o custo total do programa ou actividade obxecto da subvención.

#### Décimo oitava. RENOVACION, RENUNCIA, REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR

1. *Procede a revogación das subvencións concedidas en caso de:*

- a) *Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como a variación da finalidade da actuación, insuficiente xustificación do proxecto.*

- b) *De se recibir outra subvención para o mesmo fin, de xeito que a totalidade da cantidade outorgada exceda do orzamento total do proxecto, a contía outorgada por esta administración reducirase na contía excedida dará lugar a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis.*
- c) *A non xustificación da subvención no prazo concedido.*
2. *O beneficiario poderá renunciar voluntariamente a subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.*
3. *Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeranse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.*
4. *As entidades beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais lexislación aplicable.*

#### *Décimo novena. SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN*

*O Concello de Vigo, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei xeral de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.*

#### *Vixésima. DISPOSICIÓN FINAIS*

1. *Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.*
2. *En todo aquilo non previsto na presente convocatoria estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicábeis en materia de subvencións.*
3. *A xustificación da subvención deberá realizarse polo 100% do seu importe.*
4. *As subvencións non son invocábeis como precedente. Non é, por tanto, esixíbel revisión, aumento ou anovación da subvención.*
5. *As subvencións non supoñen relación laboral ningunha.*
6. *Serán susceptíbeis de subvención os proxectos realizados no ano 2008.*
7. *O Servizo de Normalización Lingüística ten a facultade de interpretar as presentes bases.*

#### **7(381).- CONVOCATORIA 2008 DE BOLSAS DO MUSEO MUNICIPAL DE VIGO “QUIÑONES DE LEÓN”. EXPTE. 2885/337.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 7.03.08 e de acordo co informe-proposta do director do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, do 28.01.08,

conformado pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria de catro bolsas de formación e colaboración do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, a desenvolver entre o 1 de MAIO e 30 de NOVIEMBRE de 2008; DÚAS (2) no departamento de arqueoloxía; UNHA (1) no departamento de arte; e UNHA (1) no departamento de acción didáctica.

2º.- Aprobar un gasto de VINTEDOUS MIL CATROCIENTOS (22.400) euros para a dotación económica das bolsas con cargo á partida 4513.4800001 “Bolsas de prácticas” e bolsa de vinculación do museo municipal para o exercicio 2008. A dotación individual de cada bolsa é de CINCO MIL SEISCIENTOS (5.600) euros cuxo pago efectuarase, dentro do listado de nóminas de persoal municipal, por mensualidades vencidas correspondendo a cada mensualidade a parte proporcional do importe total da bolsa, e previa a retención que proceda, de conformidade co establecido na Lei 35/2006 de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Personas Físicas.”

#### PROPOSTA DE BASES DE CONVOCATORIA DE BOLSAS DE FORMACION E COLABORACIÓN DO MUSEO MUNICIPAL DE VIGO “QUIÑONES DE LEÓN”- 2008

##### PRIMEIRA.- OBXECTO

1. O obxecto é a convocatoria, en rexime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, de catro (4) bolsas de formación e colaboración para o museo municipal: dúas (2) no departamento de arqueoloxía; unha (1) no departamento de arte; unha (1) no departamento de acción didáctica.

2. Os/As bolseiros/as destinados nos departamentos de arqueoloxía e arte colaborarán nos proxectos de investigación do museo vencellados ao inventario, catalogación e restauración de fondos das súas coleccións de arqueoloxía e arte respectivamente.

3. O/A bolseiro/a destinado no departamento de acción didáctica colaborará nos proxectos de dinamización e promoción das coleccións do museo municipal; particularmente entre a comunidade educativa.

##### SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO DAS BOLSAS.

Os/as adxudicatarios das bolsas de formación/colaboración realizarán a súa colaboración no museo municipal baixo a dirección do equipo técnico que se designe e nas condicións que este estableza.

##### TERCEIRA.- DURACIÓN E DOTACIÓN.

Cada bolsa terá unha duración de SETE (7) meses, non renovables nin prorrogables, durante o periodo 1 de MAIO – 30 de NOVIEMBRE de 2008; ámbolos dous incluídos; e no horario que en cada caso determine a realización dos distintos proxectos.

A dotación económica de cada bolsa será de CINCO MIL SEISCIENTOS EUROS (5.600 €). Este importe estará suxeito ás retencións que corresponda facer.

O importe total para as bolsas é, polo tanto, de 22.400 euros que será imputado con cargo ó presuposto do concello para o exercicio 2008, aplicación presupostaria 45134800001 “Bolsas de prácticas” e bolsa de vinculación.

Ademáis, o Concello suscribirá un seguro individual de accidentes para cada unha das bolsas.



#### CUARTA.- REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES

##### 4.1. Xerais.

*Os/As solicitantes das bolsas deberán cumprir-los seguintes requisitos xerais:*

*+ Non ter emprego remunerado nin desfrutar doutra bolsa ou axuda, dende o momento en que se outorguen as bolsas.*

*+ Non ter desfrutado de bolsas concedidas polo museo municipal.*

##### 4.2. Específicas.

###### 4.2.1. Departamento de arqueoloxía. Titulación.

*Licenciados/as universitarios/as con formación académica en Arqueoloxía. Diplomados/as en conservación e restauración de bens culturais que remataran os seus estudos na especialidade de arqueoloxía.*

###### 4.2.2. Departamento de arte. Titulación.

*Licenciados/as universitarios/as con formación académica en Arte. Diplomados en conservación e restauración de bens culturais que remataran os seus estudos na especialidade de arte.*

###### 4.2.3. Departamento de Acción Didáctica. Titulación.

*Licenciados/as universitarios/as con formación académica en Arte, Historia ou Didáctica. Diplomados/as en Maxisterio.*

#### QUINTA.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

*1. As solicitudes presentaranse, conforme o modelo anexo a estas bases, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ( praza do Rei s/n, 36202-VIGO).*

*2. As solicitudes serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello, dentro dos dez días hábiles seguintes á publicación da convocatoria no BOP. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro Xeral, no prazo antes mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

#### SEXTA.- DOCUMENTACIÓN.

*Xunto coa solicitude, os aspirantes ás bolsas achegarán a seguinte documentación:*

- 1. Fotocopia de DNI ou pasaporte e NIF.*
- 2. Fotocopias de títulos académicos referidos nestas bases de convocatoria, debidamente compulsadas.*
- 3. Currículum vitae.*
- 4. Declaración expresa de non ter contraída ningunha débeda co Concello de Vigo.*
- 5. Declaración expresa de non ter emprego remunerado nin desfrutar doutra bolsa ou axuda, dende o momento en que se outorguen as bolsas.*
- 6. Declaración expresa de non ter desfrutado de bolsas concedidas polo Concello de Vigo.*
- 7. Cantos documentos sexan precisos para acreditar-los méritos dos aspirantes, segundo consta na base sétima e que terá en conta o tribunal avaliador.*
- 8. Declaración expresa de aceptación das presentes bases.*

Os servizos técnicos do Concello de Vigo poderán reclamarlles ós solicitantes, se fose necesario, que emenden os defectos administrativos apreciados na documentación esixida, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; outorgaráselles un prazo de dez (10) días naturais, dende a recepción do escrito de requirimento, para emenda-los defectos.

#### SÉTIMA.- AVALIACIÓN DE MÉRITOS.

A avaliación de méritos farase segundo o seguinte baremo

1. Titulacións académicas oficiais:

a) Licenciatura: 3 puntos.

b) Diplomatura: 2 puntos.

c) Título de doutor/a: 0,5 puntos.

A puntuación máxima por titulacións académicas oficiais será ata 4 puntos.

2. Cursos relacionados coa materia obxecto da bolsa, organizados exclusivamente por organismos públicos, universidades ou asociacións profesionais relacionadas coa materia obxecto da bolsa.

a) Con acreditación de duración igual ou superior ás 250 horas: 1,25 puntos.

b) Con acreditación de duración igual ou superior ás 100 horas: 0,75 puntos.

c) Con acreditación de duración igual ou superior ás 40 horas: 0,40 puntos.

d) Con duración inferior ás 40 horas: 0,20 puntos.

A máxima puntuación dos cursos non poderá supera-los 4 puntos.

3. Cursos de idioma galego:

a) Iniciación:0,5 puntos.

b) Perfeccionamento:1 punto.

A máxima puntuación dos cursos non poderá superar 1 punto.

4. Experiencia en organización de proxectos relacionados coa materia obxecto da bolsa desempeñada en museos e centros de arte da rede galega de museos organizados de acordo coa normativa oficial vixente.

Por cada mes traballado 0,50 puntos, ata un máximo de 8 puntos.

4.1. Puntuarase especialmente a experiencia, acreditada documentalmente, cando as tarefas se teñan feito servíndose dos programas informáticos xestores de museos, bibliotecas ou arquivos implantados en Galicia. Por cada un dos meses de experiencia nestas condicións incrementarase con 0,20 puntos; a puntuación especial resultante sumarase á previa correspondente a este apartado 4., anque o resultado final supere o límite máximo antes fixado.

5. Congresos:

Por asistencia a cada congreso relacionado coa materia obxecto da bolsa outorgaranse 0,10 puntos e por presentación de cada comunicación outorgaranse 0,50 puntos. O mesmo mérito só se valorará unha única vez: como comunicación ou asistencia a congresos.

A máxima puntuación por congresos non poderá superar 1 punto.

O/As candidato/as que, con arranxo ao anterior baremo, teñan obtido as maiores puntuacións en número que supoñan o dobre das bolsas convocadas deberán pasar unha entrevista persoal coa Comisión de Avaliación que versará sobre os aspectos relacionados coas actividades obxecto da bolsa, e que será puntuada cun máximo de 2 puntos, que se sumarán ás obtidas en base ó baremo para establecer a lista definitiva por orde de puntuación.

#### OITAVA.- SELECCIÓN.

1.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Director do museo municipal

*ou técnico no que delegue, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 21 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*2.- As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente; por unha Comisión de avaliación presidida pola Concelleira-delegada de Patrimonio Histórico; e serán vocais, o director do museo municipal; a xefa do departamento de Patrimonio Histórico; e actuará, con voz e sen voto, como secretario, o do Concello ou persoa na que delegue.*

*3.- A comisión avaliadora só contabilizará aqueles méritos dos que se achegue proba orixinal documental ou fotocopia compulsada, poderá solicitarlles ós candidatos ás bolsas o programa, contidos ou outros datos dos cursos que acreditan.*

*4.- A comisión estudiará a documentación e avaliará os méritos alegados polo aspirantes, segundo o baremo da base sétima. As listas provisionais dos bolseiros admitidos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, ordenados segundo as puntuacións outorgadas pola comisión e xunto coa relación de excluídos. Establecerase un prazo de cinco (5) días naturais para a presentación das alegacións que os interesados estimen oportunas.*

*5.- A decisión da comisión de Avaliación será inapelable.*

*6.- A comisión terá a facultade de declarar deserta a convocatoria das bolsas se estimara que ningún dos candidatos presentados se adecuara ós intereses do museo municipal de Vigo.*

#### NOVENA.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

*1. A resolución desta convocatoria corresponderalle á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con base na proposta que lle formule a comisión avaliadora a través do órgano instructor, e na que figurarán os destinos dos bolseiros seleccionados.*

*2. A resolución pon fin á vía administrativa de acordo co artigo 109 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir da data de notificación efectiva desta ós interesados.*

*3.- A resolución do procedemento notificaráselles aos/ás interesados/as conforme ao previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

#### DÉCIMA.- OBRIGAS DOS BOLSEIROS/AS.

*O/a beneficiario/a deberá cumprir, con carácter xeral, as obrigas que para os preceptores de axudas e subvencións establece o artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, así como as instrucións específicas do museo municipal. En particular, queda obrigado a:*

*1. Incorporarse ó museo municipal de Vigo “Quiñones de León” no prazo de tres (3) días hábiles, dende a data de notificación do outorgamento da bolsa.*

*2. Asistir ó museo no horario sinalado polos seus responsables conforme ao estipulado na cláusula terceira, podendo asignarse quendas de mañá ou de tarde.*

*3. Segui-las indicacións técnicas do persoal responsable do que dependen.*

4. Entregarlles ás direccións dos centros, ó finaliza-lo período de disfrute da bolsa, un informe sobre as actividades realizadas.

5. Presta-la súa colaboración en cantas actividades garden conexión co obxecto desta convocatoria e que contribúan á realización do fin perseguido por esta.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.- DEREITOS DOS/AS BOLSEIROS/AS.

1. A percepción do líquido que resulte de aplicarlle a retención fiscal correspondente ao importe total da mesma que se estipula en CINCO MIL SEISCENTOS EUROS (5.600 €) brutos, para os sete meses previstos.

2. A disfrutar do descanso semanal, de acordo coas normas internas do museo; e a un período de descanso de 2 SEMANAS distribuídas durante o período de disfrute da bolsa, de acordo coa dirección do museo.

3. A recibir unha certificación do Concello de Vigo acreditativa das actividades realizadas ó remataren os traballos, logo do informe favorable do director do museo. En calquera caso, a dirección do museo entregarlle ó bolseiro que o solicite un informe sobre o seu traballo realizado.

4. Disponer dun seguro de accidentes durante o tempo de duración da bolsa.

#### DECIMO SEGUNDA.- PAGO E XUSTIFICACION DO CUMPRIMENTO DA FINALIDADE DA BOLSA

1.- O pago efectuarase por mensualidades vencidas correspondendo a cada mensuralidade a parte proporcional do importe total da bolsa. As cantidades correspondentes estarán suxeitas ás retencións que procedan, de conformidade co establecido na Lei 35/2006 de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Personar Físicas.

O importe máximo da bolsa ao mes será de 800 euros brutos. Este importe estará suxeito ás retencións que corresponda facer.

O pago da bolsa farase en función dos días de asistencia ás actividades de formación.

Para o cumprimento do citado pagamento, o director do equipo técnico designado remitirá mensualmente (antes do día 5 do mes seguinte) a Intervención Xeral Municipal:

- Certificación de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios/as do programa, en base ao seguemento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas.
- Informe das contías que se lle deben pagar aos/ás beneficiarios/as do proxecto en función dos días de asistencia.

Dado que estas persoas se atopan en situación de desemprego e que non cobran ningún tipo de prestación ou subsidio, sendo previsiblemente importante o cobro da beca para o seu sustento económico, faise necesario que o pagamento destas becas se faga a mes vencido dentro do listado de nóminas de persoal para evitar retrasos no seu cobro.

2. A realización das actividades para as que se concede a bolsa xustificarse nos quince días seguintes á terminación do prazo fixado na resolución de convocatoria para a realización da acción formativa.

A xustificación realizarase mediante a presentación de:

a) *Certificación expedida polo responsable da acción formativa, na que expresamente quede constancia de que se cumpriu o programa inicialmente proxectado e que alcanzaronse os obxectivos previstos.*

b) *Memoria dos estudos e colaboracións realizadas, suscrita polo bolseiro, na que especificarase o programa desenvolvido e os obxectivos acadados.*

#### DÉCIMO TERCEIRA.- PERDA OU SUSPENSIÓN DA CONDICIÓ DE BOLSEIRO/A.

1. *A condición de bolseiro/a poderá perderse por calquera dos seguintes motivos:*

1.1. *Por incumprimento dalgunha da obrigas establecidas nestas bases, especialmente na décima.*

1.2. *Por demostrarse falsidade, non correspondencia cos orixinais ou incorrección na documentación presentada para optar ás bolsas.*

1.3. *Por renuncia expresa dos/as bolseiros/as.*

2. *A condición de bolseiro/a poderá quedar suspendida temporalmente por razóns de enfermidade, accidente ou causa suficientemente xustificada. En calquera caso o disfrute da bolsa rematará ós sete (7) meses contados dende a data do seu inicio anque se produciran suspensións temporais.*

#### DÉCIMO CUARTA.- SUBSTITUCIÓN DE BOLSEIROS/AS.

*En caso de suspensión temporal ou perda da condición de bolseiro/a, trala solicitude da dirección do museo, poderán cubrirse as baixas ou vacantes polo tempo necesario. As substitucións realizaranse por persoas incluídas nos listados finais, seguindo a orde de puntuación.*

#### DÉCIMO QUINTA.- CONTROL DE CUMPRIMENTO DO OBXECTO

*O control do cumprimento do obxecto, condicións e finalidade das becas concedidas efectuarase de conformidade co disposto na lexislación vixente, en particular coa Lei 30/2003 Xeral de Subvencións e seu Regulamento de desenvolvemento, coa Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, coas presentes bases da convocatoria e coa Base 38ª das de Execución do Presuposto Municipal actualmente en vigor.*

*As bolsas estarán suxeitas ó réxime de infraccións e sancións que, en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003 e a Lei 9/2007.*

#### DÉCIMO SEXTA.

*O bolseiro/a adquire exclusivamente a condición de bolseiro/a, coas obrigas e dereitos recollidos nestas bases, sen ningún outro vínculo laboral ou administrativo co Concello de Vigo.*

#### DÉCIMO SÉTIMA.- RÉXIME XURÍDICO

*A lexislación aplicable é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira, o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións aprobado polo R.d. 887/2006; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

#### DÉCIMO OITAVA.-

*A concelleira delegada de Patrimonio Histórico queda facultada para interpreta-las bases e resolver calquera incidencia que se puidese producir ó longo do proceso de convocatoria e desenvolvemento das bolsas.*

**8(382).- SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS. EXPTE. 2197/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.03.08, o informe xurídico do 7.03.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 1.02.08, conformado pola concelleira delegada de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria específica para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís para o ano 2008, que de seguido se transcribe e os anexos obrantes no expediente.

2º.- Aprobar o gasto de 12.000€, cantidade destinada como orzamento máximo municipal asignado para este fin, con cargo á partida 4520.489.00.00 do vixente orzamento.

*O Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, propónse como un dos seus obxectivos fomentar a participación xuvenil dos/das mozos/as dentro dos diferentes ámbitos sociais, facilitando o desenvolvemento de actividades por parte de colectivos xuvenís.*

*Nesta liña a Concellaría de Xuventude propón a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para a realización de programas e proxectos xuvenís de interese xeral, dentro dos límites que determina o seu orzamento e garantindo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación e atendendo ao contido do disposto na “Lei 38/ 2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións”.*

*1.- Lexislación*

*A lexislación aplicable ás Bases desta convocatoria é a seguinte: a normativa autonómica de subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*2.- Beneficiarios*

*2.1.- Admitidos*

- Asociacións e entidades sen ánimo de lucro especificamente xuvenís, inscritas no Rexistro Municipal de asociacións do Concello de Vigo (Dpto de Participación Cidadá).*
- Outras entidades e/ou asociacións non especificamente xuvenís que, carecendo de interese lucrativo, desenvolvan programas e actividades dirixidas ao fomento da participación dos mozos/as e con manifesto protagonismo xuvenil na súa elaboración e desenvolvemento global. Deberán estar así mesmo inscritas no Rexistro Municipal do Concello de Vigo (Dpto. Participación Cidadá).*
- Grupos de mozos non constituídos como asociación que, carecendo de interese lucrativo, teñan capacidade para realizar un proxecto específico de interese xuvenil. Os requisitos que estes grupos de mozos/as deberán cumprir son:*
  - Estar formados por un mínimo de tres persoas con idades comprendidas entre os 15 e os 30 anos, ambas incluídas, e residentes no Municipio de vigo.*
  - Establecer un representante que será o/a responsable do grupo de mozos/as, maior de idade, e*

que deberá asumir todas as obrigas que lle corresponderán como beneficiario da subvención. En todo caso, todos os membros asociados ao beneficiario tendrán igualmente a condición de beneficiarios. En consecuencia, a subvención concedida será distribuída a partes iguais entre o número de membros que conforman o grupo beneficiario.

- Os membros do grupo de mozos/as non poderán pertencer, como socios ou membros, a ningunha asociación que fora beneficiaria dunha subvención durante o ano pasado ou que vaia a solicitar unha subvención o presente ano á Concellaría de Xuventude.
- A agrupación non poderá disolverse ata transcurrido o prazo de prescripción previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de subvencións.

#### 2.2.- Excluídos

- As entidades con ánimo de lucro.
- As administracións públicas, así coma as entidades e unidades que dependan delas, orgánica ou orzamentariamente.
- As asociacións que non teñan xustificado debidamente as axudas recibidas en anos anteriores.
- Entidades cuxas solicitudes se presentan fóra do prazo establecido.
- E, en xeral, aqueles programas que non se atopen dentro do ámbito de actuación do Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.

#### 3.- Actuacións obxecto de subvención

- As actuacións dirixidas ao fomento e á participación do colectivo mozo e que se desenvolvan e realicen dentro do termo municipal de Vigo.
- Programas de animación sociocultural e de carácter formativo e/ou preventivo.
- Actividades de ocio, tempo libre e de lecer.
- Actividades relacionadas coa cultura e a creatividade xuvenil.
- En xeral, todos aqueles proxectos que se relacionen co ámbito de actuación da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

Por outra banda, as actuacións excluídas desta convocatoria:

- As actividades propias dos clubs deportivos.
- As actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.
- As edicións de periódicos, revistas, folletos e carteis de signo exclusivamente propagandístico para a asociación solicitante.
  
- As actividades propias de entidades de carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional.
- As actividades que teñan unha canle específica de subvención por parte doutros sectores do Concello.
- As actividades que procuren algún tipo de lucro para os seus promotores.
- As actividades que supoñan unha discriminación por razóns de raza, sexo, lingua ou relixión, ideoloxía e condición social ou persoal.

#### 4.- Presentación de solicitudes, prazo e documentación

A instancia de solicitude xunto coa correspondente documentación presentárase no Rexistro Municipal do Concello de Vigo mediante impreso normalizado no [anexo 1](#), ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/ 1999, do 13 de xaneiro. A documentación coas bases e anexos requeridos se poderán recoller nas dependencias da Casa da Xuventude (López Mora, 31. 36211 Vigo) así como nas páxinas webs do concello de Vigo e de Xuventude.

A presentación da solicitude conleva a autorización ao Concello para obter, no seu caso, de xeito directo a acreditación de que o seu beneficiario está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Esta solicitude normalizada acompañarase da seguinte documentación- sendo ademáis obrigatorio cubrir todos os datos solicitados nos respectivos anexos que se indican- según o carácter do solicitante:

#### 4.1.- Asociacións e entidades sen ánimo de lucro.

- a) *Fotocopia compulsada do DNI do Presidente da entidade solicitante e copia compulsada do Código de Identificación Fiscal da mesma.*
- b) *Certificado do secretario da entidade coa relación actual de membros da Xunta Directiva, coa data da Asamblea na que se produxo a súa elección e incluíndo nome, cargo, DNI e data de nacemento. Ver modelo no [anexo 2](#).*
- c) *Proxecto detallado do programa de actividades que se van a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse con detalle obrigatoriamente, se adxuntan no [anexo 3](#). Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto que, deberá desenvolver os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.*
- d) *Orzamento detallado de gastos e ingresos previstos para a realización do programa de actividades, precisando do orzamento total de gastos, a cantidade que se solicita de subvención á Concellaría de Xuventude. Ver [anexo 3 b](#).*
- e) *Certificación da entidade bancaria indicando o Código de Conta Cliente( CCC, de 20 díxitos) da Asociación na que se realizará no seu caso, o ingreso da subvención concedida.*
- f) *Certificados orixinais e actualizados de estar ao corrente nos pagamentos na Seguridade Social e na Consellería de Facenda da Xunta de Galiza. Estas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable del solicitante como réximen simplificado desta acreditación.*
- g) *Certificación de non estar incurso nas circunstancias que figuran no art. 10.2 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia. [Anexo 4](#).*
- h) *Declaración formal doutras subvencións solicitadas ou percibidas doutras institucións públicas ou privadas para esta mesma actividade. [Anexo 5](#).*

#### 4.2.- Grupos de mozos

- *Relación detallada das persoas que compoñen o grupo, indicando nome, DNI, enderezo e teléfono de cada unha, así como a súa previsible función no proxecto( organizador, colaborador, beneficiario...).* *Se engadirá a esta relación a fotocopia compulsada do DNI de todos os integrantes do grupo.*
- *Certificados actualizados, de todos os membros do grupo, de estar ao corrente no pago dos impostos correspondentes a nivel municipal, Seguridade Social e Facenda. Estas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable de cada un dos membros do grupo, como réximen simplificado desta acreditación.*
- *Declaración xurada de cada un dos membros do grupo na que expresamente se manifeste:*
  - *Que acepta todas as obrigas que poidesen corresponderlle como beneficiario, no seu caso, da subvención concedida.*
  - *Que non pertence, como socio ou membro directivo, á outra entidade asociativa que teña recibido ou vaia a solicitar subvención á Concellaría de Xuventude.*
  - *Que non está incurso nas circunstancias que figuran no art. 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- *Certificado da entidade bancaria indicando o Código de Conta Cliente (CCC, de 20 díxitos) da conta bancaria do representante responsable do grupo no que se realizará, no seu caso, o ingreso da subvención concedida.*
- *Proxecto detallado do programa de actividades que se vai a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, se adxuntan no [anexo 3](#). Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto que, deberá desenvolver os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.*
- *Orzamento detallado de gastos e ingresos previstos para a realización do programa de actividades, precisando do orzamento total de gastos, a cantidade que se solicita de subvención á Concellaría de Xuventude. Ver [anexo 3b](#).*



#### 4.3.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será de 30 días naturais dende a súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra( BOP).

#### 5.- Procedemento de avaliación, concesión e proposta de resolución.

- A avaliación das solicitudes presentadas a esta convocatoria realizarase mediante un proceso interno conforme establece a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por un órgano Colexiado composto pola Concelleira de Xuventude que actuará como Presidenta, a Xefa do Servizo de Xuventude e unha técnica municipal da área.
- Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo destas e da documentación. Se a solicitude, a documentación e a información presentada non reúne os requisitos esixidos o/a interesado/a será requerido para que no prazo de dez días naturais, a contar dende a recepción da notificación oficial, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que , de non facelo, se desestimar a súa solicitude que se arquivará sen máis trámites ó abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.
- O Servizo de Xuventude fará a proposta á Xunta de Goberno Local conforme a avaliación do órgano Colexiado, e tendo en conta os criterios e baremos que figuran no art. 7 da presente convocatoria.
- No caso de que a avaliación das solicitudes exceda o crédito destinado a este programa, O Servizo de Xuventude axustará proporcionalmente a totalidade das subvencións ata encaixalas no crédito do ano 2008. O cálculo se realizará multiplicando cada unha das cantidades polo coeficiente corrector que resulte.

#### 6.- Financiamento da convocatoria.

Os órganos municipais de goberno establecen as cuantías anuais para adicar ás subvencións con cargo ás partidas de xuventude. As subvencións concedidas non excederán, en ningún caso, o 50% do custo total da actividade para a que se solicita a subvención.

#### 7.- Criterios de valoración

Admitidas as solicitudes que cumpran na súa totalidade os requisitos esixidos nas bases, corresponderá á Comisión de Valoración ponderar os proxectos admitidos conforme aos criterios especificados de seguido:

Valorarase ata un máximo de 14 puntos en total, resultado da suma ponderada dos diferentes aspectos que se describen a continuación:

- **Aspectos da entidade..... Máximo 3 puntos**
  - Experiencia e traxectoria (0.02 /mes.....Máx. 0.50 punto)
  - Colaboración con outras entidades no proxecto (0.25 /entidade...Máx. 0.50 puntos)
  - Ser especificamente xuvenil ( 0.15 / cada membro xunta directiva menor de 30 anos.....Máx. 1 punto)
  - Fomento da participación xuvenil (0.010 /10 socios.....Máx. 1 punto)
- **Aspectos do proxecto a realizar.....Máximo 8 puntos**
  - Calidade e solidez do proxecto en conxunto.....1 punto
  - Proxecto ben fundamentado e cunha estrutura coherente.....1 punto
  - Viabilidade e grao de aplicabilidade do proxecto.....1 punto
  - Coherencia do proxecto en canto que se axusta ás necesidades xuvenís

- actuais.....1 punto
- Relevancia do proxecto e adecuación aos obxectivos xerais da convocatoria.....1 punto
- Nº de beneficiarios directos (0.010/10 beneficiarios.....Máx.1 punto)
- Aspectos innovadores do proxecto con respecto ás necesidades xuvenís.....1 punto
- Compromiso na utilización dunha linguaxe e dunha imaxe non sexista nin estereotipada. Para a valoración terase en conta tanto a redacción do proxecto como o contido do mesmo así como os materiais a empregar e a publicidade \*.....1 punto)

\*Será necesario pois reflexar este aspecto no proxecto para poder ser valorado.

- **Recursos e financiación.....Máximo 3 puntos**
- Previsión de continuidade do proxecto no tempo( 0.10/ano....Máx 1 punto)
- Capacidade e recursos propios para xestionar e executar o proxecto..1 punto
- Previsión e capacidade para conseguir outros fondos de financiación..(0.20/cada entidade patrocinadora.....Máx 1 punto)

Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 3.50 puntos non se considerarán subvencionables.

A distribución das subvencións, unha vez ponderadas as propostas, se realizará proporcionalmente á puntuación obtida, outorgándose un valor económico a cada punto.

Nos informes de valoración elaborados, a Concellaría de Xuventude poderá especificar qué actividades das presentadas non se inclúen na subvención, non podendo ser así financiadas coa aportación económica municipal.

#### 8.- Obrigas dos/as beneficiarios/as

Os/as beneficiarios/as das subvencións quedarán obrigados a:

- a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e así mesmo da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  - b) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
  - c) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento de actividades.
  - d) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.
  - e) Estar ao corrente nos pagamentos ao Concello de Vigo, así como nos das restantes obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.
  - f) Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.
  - g) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.
  - h) Someterse ao seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención, e dispor en todo caso dos estados contables que garantan unha correcta comprobación que estime procedente levar a cabo a Concellaría de Xuventude, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións.
  - i) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados, a participación da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.
- Se no financiamento interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde e

tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

- k) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galiza; a Concellaría de Xuventude estudiará cal sería a lingua a empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.
- l) Compromiso de utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das actividades.
- m) A concesión da subvención implica a aceptación por parte dos adxudicatarios das obrigas sinaladas no artigo 12 Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### 8.- Pagamento, prazo de execución e prazo de xustificación

No que respecta ao prazo de execución de proxectos, será obrigado que as accións subvencionadas sexan desenvolvidas ao longo do presente ano e ata o 31 de decembro do ano 2008.

Para proceder ao trámite do abono das cantidades concedidas, as entidades subvencionadas deberán xustificar documentalmente o cumprimento dos requisitos así como a realización da actividade e finalidade que determinou a concesión cos gastos realizados, antes do trinta e un de xaneiro do ano 2009.

O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria e tramitarase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, tras a presentación a través do Rexistro Xeral da seguinte documentación, que conforma a Conta Xustificativa:

- a) *Solicitud de liquidación da subvención concedida. (Anexo 6)*
- b) *Memoria-avaliación da actividade ou programa subvencionado, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:*
  - Datos sobre os participantes na actividade: número, perfil, etc.
  - Explicación detallada do desenvolvemento da actividade ou Memoria: obxectivos marcados e obtidos, actividades realizadas, valoración das mesmas e avaliación interpretada.
  - Material publicitario e de comunicación.
  - Relación detallada de ingresos e gastos.
- c) Memoria económica xustificativa da actividade:

Gastos: Facturas orixinais polo importe subvencionado e fotocopia compulsada de facturas ata un importe equivalente ao dobre da subvención concedida. As facturas deberán recoller o nº de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Neste sentido, non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas polo art. 6 do R.d. 1496/2003 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumben a empresarios e profesionais.

-Os efectos do pago da subvención polo Concello considerarase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquera documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nesta convocatoria e respondan á natureza da actividade subvencionada.

*Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado( art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal inidicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal*

*Ingresos: -Detalle das contías ingresadas por todos os tipos de conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención ; contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; ingresos diversos, contías e procedencia.*

- d) Cinco (5) exemplares de impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.*
- e) Calquera outro que sexa solicitado polo Concello.*

*Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. A resolución*

*da redución das axudas será competencia da Concelleira Delegada de Xuventude. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.*

#### 9.- Compatibilidade

*A concesión de subvencións ao abeiro da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o seu importe global non supere o custo total do programa ou actividade obxecto da subvención.*

#### 10.- Revogación, renuncia, reintegro e réxime sancionador

*Procede a revogación das subvencións concedidas en caso de:*

- Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas máis o correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis.*
- A non xustificación da subvención no prazo concedido.*
- O beneficiario poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando, no seu caso, o importe*

percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá á anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.

- Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeranse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro LRX-PAC, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.
- Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- En xeral, as causas de reintegro de subvención determinadas no artigo 37 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### 11.- Seguemento, control e inspección

O Concello de Vigo, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei xeral de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.

O persoal técnico do Servizo de Xuventude será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

#### 12.- Outros requisitos

Para os/as solicitantes de subvencións para publicacións, deberán cumprir, ademais dos anteriores, os seguintes requisitos:

- As publicacións subvencionadas non poderán ter carácter de boletín interno da asociación.
- Presentar un proxecto editorial que incluíra os datos dos/as responsables da redacción-edición, o detalle das seccións, o número de páxinas, as características do formato, as cores do papel e tintas de impresión, a tirada, o sistema de distribución e o plan de financiación.
- As publicacións subvencionadas disporán de depósito legal, e os/as editores/as, presentarán á Concellaría de Xuventude as probas de imprenta para a conformidade.
- A Concellaría de Xuventude, reservarase a contratación de cada publicación para a inclusión de textos ou ilustracións que considere oportuno.
- A Concellaría de Xuventude poderá adquirir un número de exemplares determinado previamente.

#### 13.- Disposicións finais

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

En todo aquilo non previsto na presente convocatoria respetarase o establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.

**9(383).- CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ASOCIACIONES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE MAIORES E DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 28782/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 7.02.08, o informe de fiscalización do 11.03.08 e de acordo co informe proposta da técnica de actividades económicas, do 18.02.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria específica para a concesión a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para mantemento e fomento de actividades de maiores e de benestar social, para o exercicio 2008

2º.- Autorizar o crédito de 115.000 € (cento quince mil euros) con cargo á partida 3130.489.00.00 “Subvencións a asociacións, entidades, etc.” do presente exercizo.

*CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ASOCIACIONES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE MAIORES E DE BENESTAR SOCIAL.*

*CONVOCATORIA 2008*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A Lei 7/1985 reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/97 de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.k), establecen a competencia dos municipios na prestación dos servizos sociais de carácter local, prestados polas entidades de iniciativa social e sen ánimo de lucro.*

*A Lei 4/1993, de 14 de abril, de Servizos Sociais, no seu artigo 21 atribúelle aos Concellos, entre outras, competencias no fomento dos servizos sociais de carácter local, prestados polas entidades de iniciativa social e sen ánimo de lucro.*

*A Lei de Servizos Sociais, no seu artigo 5 sistematiza os servizos sociais nas seguintes áreas de actuación:*

- *Comunidade*
- *Familia, infancia e xuventude*
- *Minusvalías*
- *Vellez*
- *Muller*
- *Drogodependencias e alcoholismo*
- *Minorías étnicas*
- *Delincuencia e reinserción*
- *Outras problemáticas de inserción social*

*Co obxecto de fomentar a iniciativa de Asociacións no ámbito dos servizos sociais e coadxuvar subsidiariamente o financiamento de entidades privadas sen ánimo de lucro que presten servizos e programen actividades en beneficio dos colectivos indicados, o Concello de Vigo a través da Concellería de Benestar Social convoca as subvencións para entidades e asociacións sen ánimo de lucro que actúen no ámbito dos servizos sociais no marco xurídico da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto as normas de dereito privado.*

*A convocatoria destas subvencións efectúase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.*

### Primeira.- Obxecto

É obxecto da presente convocatoria pública a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas a asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de programas no ámbito das persoas maiores e de actuacións de promoción de servizos sociais mediante o desenvolvemento de actividades de carácter preventivo, asistencial e rehabilitador, que teñan implantación nas áreas de actuación que establece a Lei de Servizos Sociais, efectúen as actividades en Vigo e cumpran os requisitos que se indican nas presentes bases.

### Segunda.- Finalidade

As axudas irán destinadas a cubrir gastos derivados de programas ou proxectos da área de servizos sociais que presenten as asociacións, así coma os de normal funcionamento e mantemento da entidade.

### Terceira.- Programas subvencionables:

- a) Programa de actividades de entidades que operan no ámbito dos servizos sociais.
  - Este programa está dirixido a subvencionar proxectos ou actividades que se poidan integrar nunha ou varias áreas de actuación dos servizos sociais.
  - O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, subvencionándose excepcionalmente aquelas que inclúan programas de intercambio con outras asociacións, debidamente xustificadas e que teñan unha relación ou implicación directa coa actividade da asociación e os obxectivos desta convocatoria.
  
- b) Mantemento das entidades que operan no ámbito dos servizos sociais.
  - Este programa está dirixido a subvencionar os gastos correntes de funcionamento e mantemento das súas entidades, entendidas como espazos xestores das actividades de benestar social.

As entidades que operan nos ámbitos indicados poden solicitar a subvención por un concepto ou ambos, non sendo excluíntes.

Exclúense destas bases os proxectos ou actividades seguintes:

- Aqueles que para a mesma finalidade, foran solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación do Concello de Vigo.
- Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestructuras e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.
- Os gastos xerais de adquisición de patrimonio.
- Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aqueles de carácter político ou doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Aquelas actividades propias dos clubs deportivos.
- Aquelas actividades levadas a cabo por administracións públicas, así como entidades ou unidades que dependan orgánica ou presupostariamente delas en calquera aspecto.
- Aquelas que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.

#### Cuarta.- Requisitos que deben reunir as entidades beneficiarias

- Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro e dedicada a realización de actividades de carácter preventivo, asistencia e/ou rehabilitador e con implantación local.
- Estar legalmente constituídas e inscritas ou acrediten ter solicitado a súa inscrición con anterioridade a data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no Rexistro Municipal de Asociacións adscrito á Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, nun épigrafe obxecto da convocatoria.

No caso concreto de solicitude de subvención de persoas maiores, poderán obter a condición de beneficiarios as asociacións sen ánimo de lucro que inscritas no sectorial 8.3 “pensionistas, maiores e 3ª idade” do Rexistro Municipal de Asociacións, traballen no ámbito sociocomunitario, dedicándose exclusivamente á realización de actividades de carácter preventivo, asistencial e/ou rehabilitador de persoas maiores, con implantación local e que reúnan os requisitos.

- Para as solicitudes por entidades que operen no ámbito dos servizos sociais, estar legalmente constituídas e inscritas ou acrediten ter solicitado a súa inscrición con anterioridade á data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no Rexistro de entidade prestadoras de servizos sociais, na Consellería de servizos sociais ou de familia, segundo corresponda, de conformidade co disposto no Decreto 291/95, de 3 de novembro, (DOG nº 218, de 14-11-95) e Ordes do 18 de xaneiro e 5 de febreiro de 1996, (DOG nº 24 do 2 de febreiro e 35 do 19 de febreiro) da Xunta de Galicia.
- Que teñan sede social ou delegación no termo municipal de Vigo
- Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.
- Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para esta convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos en que, sobre os beneficiarios das axudas económicas, recaese resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.
- Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais.
- Non estar incursos en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en consecuencia ós solicitantes esixíralles unha declaración de non estar incursos nesas prohibicións.

#### Quinta.- Solicitudes, prazo de presentación e documentación.

##### 5.1 Modelo de presentación de solicitudes.

As solicitudes de subvención presentaranse de acordo co modelo que figura no anexo destas bases reguladoras.

##### 5.2 Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial de Pontevedra. Poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou mediante calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo comun.

##### 5.3 Documentación.



*Certificado do acordo de solicitude da subvención adoptado polo órgano de goberno da asociación ou entidade solicitante. Dito certificado deberá ser emitido de conformidade cas previsións contidas nos estatutos da asociación ou entidade.*

*A citada solicitude irá acompañada da documentación que se recolle a continuación e do proxecto:*

- a) *Certificación asinada polo secretario da entidade relativa a:*
- *Representación da persoa responsable legal da entidade e copia compulsada do seu DNI. En defecto da certificación do secretario, presentarase poder bastante sobre a representación para o responsable ou delegado que actúe en nome da entidade.*
  - *Que dispón de sede central ou delegación permanente na cidade.*
  - *Composición do órgano de goberno da dirección da entidade.*
  - *CIF da entidade.*

*No suposto de que a entidade presentase esta documentación ou parte da mesma a outra convocatoria de axudas das convocadas polo Concello de Vigo no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con achegar unha declaración que especifique a documentación xa presentada, así como o número de documento ou expediente en que se atopa incorporada, anexando a documentación que falte ou estea sen actualizar.*

- b) *Certificación de estar ao corrente das obrigas co Concello de Vigo.*
- c) *Certificado de estar ao corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social e da Axencia Tributaria. Estas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable do solicitante como réxime simplificado desta acreditación.*
- d) *Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.*
- e) *Declaración responsable do representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.*

*Para as entidades que soliciten subvención para proxectos ou actividades, ademais da documentación sinalada nos apartados a) ó e), presentarán:*

1. *Memoria explicativa e detallada do proxecto ou actividade para os que solicitan subvención, segundo o modelo que figura anexo as bases e no que se indique como mínimo:*
  - *Nome do proxecto*
  - *Obxectivos e fins que persigue*
  - *Actividades a realizar*
  - *Número aproximado de persoas que se benefician e para os que se destina o proxecto.*
  - *Calendario de actividades*
2. *Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización do actividade ou proxecto. (modelo nos anexos)*

*Para as entidades que soliciten subvención para mantemento, ademais da documentación sinalada nos apartados a ó e), presentarán:*

- *Breve informe xustificativo da necesidade dos conceptos solicitados*
- *Certificación da persoa legal responsable da entidade do orzamento de ingresos para 2008.*

- *Certificación da persoa legal responsable da entidade do orzamento dos gastos totais da entidade para o ano 2008 .*
- *Certificación acreditativa da delegación ou sede da asociación na cidade de Vigo.*

*Sexta.- Financiamento e contía*

*O importe total das subvencións non excederá o límite de 115.000€ e financiarase con cargo á partida 3130.489 00 00 –Subvencións a asociacións, entidades, etc.- do orzamento de Benestar Social do ano 2008, de acordo coa seguinte distribución:*

*Para gastos de actividades de entidades sen ánimo de lucro que traballen no ámbito específico das persoas maiores ..... 15.000€*

*Para gastos de mantemento de entidades sen ánimo de lucro que traballen no ámbito específico das persoas maiores ..... 18.000€*

*Para gastos de proxectos e/ou de entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e actuacións en áreas de actuación de servizos sociais .....25.000€*

*Para gastos de mantemento de entidades sen ánimo de lucro que traballen en áreas de actuación de servizos sociais ..... 57.000€*

*Poderá subvencionarse o cen por cen do orzamento presentado, non podendo superar, en todo caso, a cantidade de 4.000€. por entidade solicitante.*

*No caso de que unha vez avaliadas as solicitudes se exceda do crédito destinado a estes programas, o Departamento de Benestar Social, axustará proporcionalmente a totalidade das subvencións ata encaixalas no crédito do ano 2008.*

*O calculo realizarase multiplicando cada unha das cantidades polo coeficiente corrector que resulte.*

*Sétima.- Gastos subvencionables*

*Terán consideración de gastos subvencionables aqueles que correspondan ao funcionamento da entidade e os gastos ocasionados pola actividade desta, así como os motivados pola organización de actividades, viaxes, aloxamento e comidas, alugamento de instalacións, etc.*

*En xeral son subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade.*

*Non serán subvencionables os gastos correspondentes a investimento e material inventariable.*

*Oitava.- Compatibilidade*

*A concesión de subvención ao amparo da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administración públicas, sempre que o importe global das mesmas non supere o custe total do mantemento, programa ou actividade obxecto da subvención.*

*Serán incompatibles coas que sexan outorgadas ás entidades que xa perciban financiamento municipal, mediante convenio ou outra fórmula, para calquera outro programa ou actividade.*

*Novena.- Tramitación e emenda de defectos*

*A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas corresponde ao Departamento de Benestar Social.*

*Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo das mesmas e da documentación que as acompaña. Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou non se acompaña a documentación que de acordo con esta convocatoria resulte esixible, requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da citada Lei. Durante o proceso de valoración das solicitudes poderase citar ás asociacións para clarificar ou ampliar aspectos técnicos da solicitude.*

*O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios de valoración que se determinan na Base décima. Rematada a instrucción do expediente, como se establece na Lei 9/2007, de 13 de xuño, este será remitido á Comisión de avaliación que se expresa na base décimo segunda.*

#### Décima.- Criterios de valoración

##### *1.- Criterios xerais de valoración:*

###### *Fundamento:*

- *Colaboración e/ou complementariedade coa acción da administración local.*
- *Que o programa se axuste a realidade social e ás necesidades do colectivo ao cal se dirixe.*
- *Integración e/ou complementariedade con outras experiencias*
- *Valores que contén, proxecta e promocionen o proxecto.*

###### *Calidade:*

- *Concreción, calidade e claridade*
- *Proxecto contrastado pola experiencia propia e/ou de outras entidades.*
- *Proxecto fundamentado, con estrutura interna coherente e sólida.*
- *Participación do colectivo beneficiario no deseño do proxecto.*

###### *Impacto:*

- *Relevancia do proxecto (impacto esperado).*
- *Aumento da capacitación das persoas e/ou dos colectivos implicados.*

###### *Solidez e financiamento:*

- *Permanencia do proxecto, continuidade no tempo.*
- *Valoración das edicións anteriores (para o caso de continuidade)*
- *Disponibilidade de sistemas para o control, seguimento e avaliación final do proxecto.*
- *Plan de financiamento (aportación propia).*
- *Previsión e capacidade para conseguir outros fondos de financiamento e recursos.*

###### *Entidade:*

- *Experiencia, traxectoria, base social e participación no tecido social.*
- *Capacidade de convocatoria e mobilización da entidade.*

- *Colaboración con outras entidades na elaboración do proxecto.*
- *Fomento do asociacionismo, do voluntariado e da participación cidadá.*

## *2.- Criterios específicos de valoración:*

- *Actividades que vaian dirixidas á prevención e á atención de persoas e/ou colectivos e que se complementen coa intervención realizada dende os servizos sociais municipais.*
  - *Promoción e atención a persoas con discapacidade.*
  - *Iniciativas de atención e promoción social para adultos con necesidades específicas e que se atopen en situación de desigualdade, discriminación ou exclusión.*
  - *Proxectos con dinámicas sociais abertas que vaian dirixidos a colectivos co fin de acadar una elevada cohesión social.*
  - *Proxectos que potencien a promoción social e a participación activa das persoas e dos diferentes grupos de poboación a través de traballos de axuda mutua.*
  - *Iniciativas que plantexen solucións a problemas sociais de forma multidimensional e/ou integral.*
  - *Proxectos ou actividades que aporten melloras substanciais á calidade de vida das persoas, intervindo en áreas sociais, culturais e outras.*
  - *Iniciativas que impulsen fórmulas innovadoras solventes para a atención social de persoas ou/familias de colectivos con necesidades diferenciadas.*
  - *Proxectos que propoñan novas iniciativas para intervir na prevención de situación de vulnerabilidade promovendo a inclusión social.*
  - *Proxectos que vaian dirixidos á integración de acción transversais para a inclusión social*

### *Décimo primeira.- Ponderación e valoración*

*A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitaranse en réxime de concorrència competitiva, tendo sempre como límite as disponibilidades orzamentarias de Benestar Social destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer una prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.*

- *Para proxectos ou actividades:*

*O proxecto que acompaña á solicitude será revisado tecnicamente ao fin de avaliar o grao de cumprimento dos criterios de valoración tanto xerais como específicos e elaborarse o correspondente informe de valoración.*

*O proxecto pode acadar una puntuación máxima de DEZ puntos (de 0 a 10), repartida en dúas partes:*

- Puntuación por adecuación do proxecto aos criterios xerais de valoración (punto 1 da base décima):*
  - *Ata 5 puntos, con un máximo dun punto por criterio, para os criterios que evalúen as características e a adecuación técnica do proxecto (fundamentos, calidade, impacto, solidez e financiamento) así como da entidade solicitante.*
- Puntuación por adecuación do proxecto aos criterios específicos da valoración (punto 2 da base décima):*
  - *Ata un máximo de 5 puntos por adecuación do proxecto aos criterios específicos de*

valoración de cada ámbito (punto 2 da base décima). Para cada ámbito indícanse os requisitos e criterios que ten que cumprir o proxecto presentado, atendendo as especificidades de cada temática (análise da situación que xustifique o seu interese social; adecuación do proxecto presentado á temática indicada nos criterios específicos indicados no punto 2 das bases; programa detallado das actividades e coherencia destas cos obxectivos) as cales se tomarán como base para a valoración do proxecto.

A valoración final do proxecto resultará da suma da puntuación obtida en ambos grupos de criterios á que se acompañará dos comentarios técnicos que quedarán reflexados no informe técnico de valoración.

*Para gastos de mantemento*

As axudas, individualmente consideradas poden acadar un máximo de DEZ puntos (de 0 a 10) valoradas tendo en conta os criterios e as puntuacións seguintes:

- Ata un máximo de 4 puntos atendendo a maior ou mais específica colectividade á que se dirixe a entidade.
- Ata un máximo de 3 puntos atendendo á relación da entidade no campo da acción social e da experiencia no seu ámbito de actuación.
- Ata un máximo de 3 puntos atendendo ao grao de implantación na cidade valorada a través da memoria da entidade do ano anterior.

#### Décimo segunda .- Instrucción e resolución

A instrucción do procedemento de concesión das subvencións convocadas corresponde ao departamento de Benestar Social.

O órgano de instrucción realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos cara a formular a proposta de resolución.

O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da comisión de avaliación composta segundo se indica na base décimo segunda, formulará proposta de resolución na que se expresará que da información que obra no seu poder, os solicitantes incluídos na relación de beneficiarios cumpren tódolos requisitos necesarios polo que se propón a concesión da subvención e a súa contía.

#### Décimo terceira.- Comisión de Avaliación

A comisión de avaliación estará integrada pola concelleira-delegada de Benestar Social, o xefe de área e a xefa de coordinación de Benestar Social.

#### Décimo cuarta.- Resolución

A resolución da solicitude de subvención seralles notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de catro meses, contados desde a data de aprobación pola Xunta de Goberno Local. Transcorrido dito prazo sen que recaía resolución expresa, deberá entenderse desestimada. Dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a dictase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnados directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza, órgano contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se o acto é presunto, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

#### Décimo quinta.- Obrigas dos beneficiarios

- *A aceptación da subvención por parte dos adxudicatarios implica a aceptación das obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro e leva implícita a autorización á Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo para facer públicas as subvencións concedidas de acordo co definido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- *Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Acreditar, con anterioridade ao outorgamento da subvención, que se atopa ao corrente das súas obrigas co Concello, a Axencia Estatal de administración tributaria e a Seguridade Social.*
- *Xustificar a aplicación dos fondos recibidos dentro dos prazos establecidas, así como a realización da actividade e cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.*
- *Presentar o programa da actividade e o presuposto, así como comunicar ao Concello calquera alteración significativa que se produza con posterioridade ao outorgamento.*
- *Colaborar coas actuacións de comprobación e información quedando obrigadas a facilitar a tarefa de seguimento durante o período contemplado na presente convocatoria.*
- *Dispoñer da documentación contable que lles sexa esixida polos órganos de fiscalización e facilitala para garantir as facultades de inspección e control.*
- *Declarar as subvencións recibidas do Concello e doutros entes públicos ou privados.*
- *Facer constar nos materiais de difusión e publicidade o apoio do Concello de Vigo, comprometéndose á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista.*
- *E as demais obrigas consignadas nos artigos 14 da Lei Xeral Tributaria e 11 da Lei de Subvencións Galega.*

#### Décimo sexta.- Xustificación e pago

*Unha vez notificada a resolución da concesión da subvención procederase á xustificación e pagamento na forma que se indica a continuación.*

*A xustificación das axudas efectuarase ata o 31 de novembro de 2008. Non obstante, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, poderá ser ampliado o prazo destas xustificacións se ocorreran excepcións debidamente acreditadas.*

*En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria de económica xustificativa.*

*Documentos que conformarán a xustificación de subvención:*

- 1.- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos ou actividades subvencionadas.*
- 2.- Unha memoria económica xustificativa do custe da actividade subvencionada que comprenderá:*
  - *Unha relación clasificada de gastos vinculados á subvención con indicación do acredor e do documento, importe, data de emisión e forma de pago.*
  - *Facturas orixinais e documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa incorporados na relación anterior e, no seu caso, a*

*documentación acreditativa do pago. As facturas quedarán a disposición do Concello de Vigo e non se admitirán aquelas que non reunan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir factura que incumbe a profesionais e empresarios.*

- *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada, con indicación do importe e procedencia.*
- *Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou vinculadas a unha federación ou confederación, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.*
- *En xeral, os documentos xustificativos deberán comprender os gastos vinculados de forma directa ao exercizo 2008 e non deberá constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.*

*Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, ou cando a entidade solicitante demande o orixinal presentado, as facturas e documentos poderán marcarse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para a que se presenta como xustificante e se o importe se imputa total ou parcialmente á mesma, indicando neste caso a contía exacta que resulte afectada. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado.*

#### Décimo sétima.- Seguimento

*O persoal técnico do Departamento de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución das subvencións, así como de certificar a adecuada xustificación das mesmas mediante emisión dun informe que se incorpora coa conta xustificativa e a documentación presentada, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibilitan súa aprobación.*

#### Décimo oitava.- Norma final

*En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez do convenio (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto no convenio, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

### **10(384).- CONVOCATORIA ESPECÍFICA DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2008. EXPTE. 3287/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 11.03.08, o informe xurídico, do 6.03.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 14.02.08, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria específica da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas e actividades de promoción da muller realizadas durante o exercicio 2008.

2º.- Autorizar un gasto por importe máximo de 78.000 € con cargo á partida 463.2.489.00.00 do orzamento vixente para o ano 2008, para atender as solicitudes presentadas ó abeiro desta convocatoria.

*PRIMEIRA.- Finalidade e obxecto.*

*O Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, realiza a presente convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva coa finalidade de fomentar e consolidar o asociacionismo feminino, contribuír á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero.*

*SEGUNDA.- Programas subvencionables.*

*a) Financiado con cargo á partida orzamentaria 4632 4890000 o programa específico de subvencións da concellería de igualdade está dirixido a subvencionar proxectos de actividades e fomento de servizos que persigan entre outros os seguintes obxectivos:*

*1.- Potenciar e difundir as actividades de promoción da muller encamiñadas a acadar a igualdade de oportunidades e trato nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na loita contra a violencia de xénero, a coeducación, a saúde, o empoderamento, a corresponsabilidade e o fomento da participación social.*

*2.- Atender as demandas e necesidades das mulleres priorizadas no “II Plan municipal para combater a violencia contra as mulleres” e no “III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo”.*

*3.-Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres.*

*4.- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos.*

*5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas.*

*b) O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo. Poderán subvencionarse excepcionalmente actividades fóra do municipio de Vigo (programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a cursos, congresos, etc) debidamente xustificadas e sempre que teñan relación cos obxectivos da convocatoria.*

*TERCEIRA.- Características xerais das subvencións*

- As entidades solicitantes non poderán ter fin de lucro.*
- A resolución das solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local , unha vez realizados os informes e trámites preceptivos.*
- A contía de cada subvención poderá chegar até o 100% do custo da actividade.*
- O crédito dispoñible para facer fronte a esta convocatoria é de 78.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 4632 4890000 do orzamento vixente da concellería de igualdade. En todo caso, esta cantidade pode ser ampliada seguindo a tramitación necesaria.*
- As subvencións non son invocables como precedente. Non é, por tanto, esixible revisión, aumento ou anovación da subvención.*
- As subvencións non supoñen relación laboral ningunha co Concello de Vigo*
- A xustificación da subvención deberá realizarse polo 100% do importe concedido nesta convocatoria e como prazo máximo estipúlase o 31 de xaneiro de 2009.*



- Serán susceptibles de subvención os proxectos realizados dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2008.
- Para esta convocatoria será de aplicación a lexislación específica de subvencións e a que resulta da seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións ,o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo , así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008, e no seu defecto, as normas de dereito privado.
- A concelleira de igualdade ten a facultade de interpretar a presente convocatoria.

#### *Cuarta.- Beneficiarias.*

Só poderán concorrer a esta convocatoria as asociacións e persoas físicas que reúnan as seguintes condicións:

- a) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas domiciliadas no termo municipal de Vigo, que realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- b) As persoas físicas domiciliadas na cidade que realicen actividades de interese municipal.
- c) As entidades e asociación sen finalidade de lucro, públicas ou privadas, que, aínda que non estean domiciliadas no municipio de Vigo, realicen actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio deste.
- d) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- e) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.
- f) Reunir os requisitos establecidos no art 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En consecuencia, ás entidades solicitantes esixiralles unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

#### *Quinta.- Desestimación das solicitudes*

Unha vez estudados os programas solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaranse:

- 1.- Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- 2.- Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo.
- 3.- Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
- 4.- Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- 5.- Aqueles que inclúan actividades docentes previstas nos planes de ensino vixentes.
- 6.- Aqueles que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración , xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.
- 7.- Aqueles que non tivesen xustificadas en tempo e forma as axudas outorgadas neste servizo do Concello de Vigo no ano anterior, agás aquelas que antes do 1 de decembro presenten na concellería de igualdade escrito motivado da renuncia á subvención.
- 8.- Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

#### *SEXTA.- Solicitudes, prazo de presentación e documentación*

##### 1.- Modelo e presentación de solicitudes.

As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega con esta convocatoria. Os impresos de solicitude da subvención (anexos a esta convocatoria) e canta información precise para a súa presentación, serán facilitados polo Servizo de Información ou ben, na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))

As solicitudes serán dirixidas ao Excmo. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, achegando a documentación solicitada na convocatoria.

## 2.- Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, podendo presentalas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou mediante as demais formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## 3.- Documentación

A solicitude deberá vir cuberta e coa seguinte documentación:

- Solicitude de subvención dirixida ao Excmo. Sr. Alcalde, segundo modelo normalizado (Anexo I). Presentarase unha única solicitude para todos os proxectos solicitados.
- Proxecto de actividades a favor das mulleres para as que se solicita subvención (Anexo II). Encherase tantas veces como número de proxectos se soliciten. No caso de presentar proxectos de formación deberá achegarse currículo do profesorado.
- Memoria de actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2007, esta deberá vir asinada polo/a representante da entidade.
- Fotocopia do CIF da entidade solicitante.
- Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.
- Certificado que acredite que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Comunidade autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Vigo. Estas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable da entidade solicitante como réxime simplificado desta acreditación. (Anexo III)
- Declaración de non estar incurso nas circunstancias que figuran no art 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia . (Anexo III).
- Declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (Anexo III)

SETIMA.- Criterios de valoración para os proxectos.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as disponibilidades orzamentarias da concellería de igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado na base quinta, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 20 puntos :

a) Calidade do proxecto e adecuación aos obxectivos recollidos na cláusula segunda das bases.

- calidade do proxecto (valorarase a rigorosidade, o equipo de traballo presentado, coherencia e viabilidade do proxecto): 0 a 5 puntos

- por recoller o proxecto un ou máis obxectivos dos contemplados na base segunda: 1 punto por cada obxectivo recollido ata un máximo de 5 puntos.

b) Características do proxecto:

- Ámbito de aplicación (0 a 1 punto)

- Número de beneficiarias (0 a 1 punto)
- Participación de voluntariado (1 punto)
- Apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres (1 a 2 puntos)

c) Traxectoria da entidade e grao de implicación nas actividades da concellería de igualdade. Ata 5 puntos

Valorarase tendo en consideración o tempo que leve a entidade participando activamente a prol da igualdade e a asistencia e colaboración nas actividades propias da concellería de igualdade polas directivas, socias e persoas colaboradoras da entidade solicitante.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos aportados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no servizo de igualdade do Concello de Vigo.

OITAVA.- Resolución da convocatoria e publicidade.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao servizo de igualdade, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme aos criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto pola Concelleira delegada da área de igualdade que actuará como presidenta, a xefa do servizo de igualdade e un/ha funcionario/a que se designe que actuará como secretario/a.

A Comisión de Valoración poderá:

- 1.- Acadar cantos informes estime necesarios para resolver.
- 2.- Solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposta na resolución provisional sexa inferior ao 25 % da subvención solicitada, axustando os compromisos de gastos á subvención outorgada, respectando o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención.
- 3.- Emitir informe respecto das solicitudes de subvención

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada de concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de seis meses que contará dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Para dictar a resolución definitiva e notificar a devandita resolución estarase ao disposto nos artigos 58 e 89 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As subvencións concedidas por importe igual ou superior aos 3.000 € publicaranse no BOP con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, a entidade beneficiaria, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto das subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima ás entidades para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contenciosa administrativa (tras modificación dada pola Lei 19/2003, de 23 de decembro) no prazo de dous meses. Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

*En todos os casos os prazos contarase a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.*

*Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo destas e da documentación que debe acompañalas. Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos nestas bases as entidades solicitantes serán requiridas para que no prazo de dez días, que se contarán desde o día seguinte á recepción da notificación, corrixa os defectos materiais e formais que se aprecien, con indicación de que, de non facelo así, se desestimarán a súa petición previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 42 e 71 da lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes á que se refire a base quinta e valoraranse as restante solicitudes, conforme co establecido na base sétima.*

*Unha vez que o Concello de Vigo notifique a contía e obxecto da subvención a entidade remitirá no prazo máximo de quince días, que contará desde o día seguinte da data de notificación, os seguintes datos:*

- Calendario, horario e local de realización da actividade.*
- No caso de programas subvencionados que inclúan diversas actividades indicárase a/s actividade/s subvencionada/s que serán obxecto da xustificación por parte da entidade.*
- Data de inauguración e/ou clausura do evento.*
- Sempre que fose posible, o deseño da propaganda a imprimir, para conformar pola Concellaría de Igualdade. A tal fin entregarase cunha semana de antelación os modelos de convocatoria e outros impresos. A conformidade darase por escrito na marxe do documento antes da súa impresión.*

*NOVENA.- Obrigas que asumen as entidades subvencionadas.*

*As entidades beneficiarias das subvencións conforme a presente normativa, quedan na obriga dos seguintes apartados:*

*1.- Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autoría, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.*

*2.- O Compromiso da utilización dunha linguaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.*

*3.- O Compromiso do emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

*3.- Informar e publicitar as actividades e servizos subvencionados, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora o Concello de Vigo-Concellaría de Igualdade”, coa incorporación que subministrará o Servizo de Igualdade mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.*

*4.- Comunicar calquera eventualidade na programación da proposta realizada, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.*

*5.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.*

*6.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.*

*7.-Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.*

8.-Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

9.-Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor/a e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención

10.-Estar ao corrente nos pagamentos ao Concello de Vigo, así como das restante obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.

11.-A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. A Concellaría de Igualdade estudará cal sería a lingua a empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

12.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o R.D 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

*DÉCIMA.- Aboamento.*

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederase ao pago parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- o Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe da contía da axuda concedida.
- o Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.
- o Polo incumprimento das obrigas do beneficiario

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento do pago parcial ou proporcional correspondente, será competencia da Concelleira delegada de igualdade.

*UNDÉCIMA.- Xustificación.*

A xustificación realizarase mediante rendición de conta xustificativa do gasto realizado antes do 31 de xaneiro de 2009. A conta xustificativa comprende unha Memoria de actuación, unha memoria económica (relación de gastos e achegas de facturas) e os Anexos IV debidamente cubertos.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria ou da entidade colaboradora e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade da persoa declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

I. A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos asinada pola persoa responsable da

actividade, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:

- a. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
- b. Datas e lugar de celebración.
- c. Datos sobre participantes: número, perfil, etc. e explicación do desenvolvemento da actividade.
- d. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación das/os participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
- e. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.

2) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- a. Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do/a acredor/a e do documento, o seu importe, e data de emisión. (Anexo IV-2)
- b. Facturas orixinais, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e no seu caso serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Lugar e data de emisión.
- Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique se está exenta de IVE; as facturas emitidas por profesionais conlevarán a pertinente retención do IRPF.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o selado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2004 LXS) da factura orixinal indicando na mesma o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicando neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará ao expediente copia do xustificante orixinal selado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

.- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por eses conceptos.

.- Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas á Universidade a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

.- En xeral os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa ao exercicio 2008, e non deberá constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatoria.

.- Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

– Declaración xurada da entidade perceptora segundo o Anexo IV-1, acreditativa dos seguintes extremos:

- Percepción doutras axudas ou subvencións para os proxectos subvencionados.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do

*Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

## II. Procedemento

*a) A concellería de Igualdade poderá solicitar cantos datos sexan necesarios para axustarse ás medicións de items e demais aspectos metodolóxicos que se fixen para as avaliacións do “II plan municipal para combater a violencia contra as mulleres” e o “3º plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo”.*

*b) A subvención concedida financia a actividade no seu conxunto; a desagregación do orzamento que se debe detallar no apartado 4. do anexo II só ten efectos informativos non sendo vinculante de cara á xustificación da actividade subvencionada.*

*c) O persoal técnico do servizo de igualdade será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

## III. Reformulación de proxectos:

*No caso de que unha asociación non puidese, excepcionalmente, desenvolver algunha das actividades subvencionadas, poderáselle propor á Concellaría de Igualdade, o proxecto alternativo que se considere máis adecuado para o destino do importe subvencionado.*

*Os cambios propostos serán debidamente razoados, e presentados con, canda menos un mes de antelación á execución prevista. As propostas de cambio formuladas pola entidade, nunca se referirán a máis dun proxecto.*

*Serán valorados igualmente segundo os criterios establecidos nestas bases e deberán xustificarse nos prazos e condicións.*

*Os novos proxectos deberán cumprir as seguintes condicións:*

- enmarcarse dentro do programa e obxectivos previstos nestas bases*
- ser de igual nivel técnico que o proxecto ao que substitúe*
- ser presentados cumprindo as mesmas condicións e a mesma forma establecida nestas bases.*

*En calquera caso, será a Concellaría de Igualdade quen valore a excepcionalidade dos cambios e as razóns aducidas para iso, co obxecto de ser admitidos ou non, a trámite. O prazo de resolución da solicitude de modificación da concesión será dun mes que contará dende a súa entrada no Rexistro Xeral. Transcorrido o prazo sen resolución expresa entenderase estimada a solicitude.*

*DUODÉCIMA.- Revogación da subvención.*

*O Concello de Vigo poderá acordar a revogación da axuda concedida, e se incorrese nalgún dos seguintes supostos:*

- 1.- Non realizar os programas ou actividades subvencionadas.*
- 2.- Incumprir algunha das condicións establecidas nesta convocatoria.*
- 3.- Aplicar a subvención a fins distintos para os que foron concedidos.*

*Igualmente procederá ao reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade ou investimento subvencionado, considerándose dita cantidade como ingresos de dereito público.*

*Tanto as causas como o procedemento de reintegro, infracción e sancións rexeranse polas disposicións xerais*

sobre procedementos administrativos, contidas no Título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, que incorpora a lexislación básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención e o R.D 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

*Decimo terceira.- Disposicións finais.*

1.- O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

2.- En todo aquilo non previsto na presente convocatoria estarase ao establecido na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención e no RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

### **11(385).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL – ANO 2008. EXPTE. 2550/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 12.03.08, o informe xurídico do 7.03.08, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 11.02.08, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases xerais, que de seguido se transcriben, de subvencións para actividades socioculturais, e os anexos obrantes no expediente.

2º.- Aprobar a convocatoria de subvencións para actividades socioculturais para o presente ano 2008.

3º.- Autorizar un gasto por un importe de 110.000,00 euros con cargo á bolsa de vinculación da partida 4512.489.0000 do programa presupostario de Animación sociocultural para o vixente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ó abeiro desta convocatoria.

4º.- Autorizar a publicación das bases e convocatoria no Boletín Oficial provincial.

#### *CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO ANO 2008.*

*En virtude do establecido no artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e disposicións concordantes, a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a programas e actividades de ámbito sociocultural.*

*Primeiro.- Partida económica e créditos:*

*A contía da presente convocatoria ascende a 110.000 euros, con cargo á bolsa de vinculación da partida 4512.489.0000 (transferencias a entidades sen ánimo de lucro) do programa orzamentario de Animación Sociocultural.*

*Segundo.- Prazos*

*O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados dende a publicación desta convocatoria no BOP.*



Terceiro.- Solicitantes

*Persoas xurídicas sen ánimo de lucro: a todos os conceptos subvencionábeis.*

*Persoas físicas: aos conceptos subvencionábeis 1.1 e 1.4.*

Cuarto.- Lugar onde se poden obter as bases e formularios:

*As presentes bases e convocatoria, publicadas no BOP, estarán a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, web municipal (www.vigo.org) e servizo de Animación Sociocultural.*

Quinto.- Lugar de presentación das solicitudes:

*As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no formulario –anexo II- que se achega ás bases, na forma prevista pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

Sexto.- Ámbito temporal das actividades e gastos subvencionados:

*Dende o 01 de xaneiro ao 30 de novembro do presente ano.*

*As actividades realizadas no mes de decembro incorporaranse á convocatoria anual seguinte.*

Sétimo.- Liñas de subvención:

<i>Liña de subvención única: ACTIVIDADES CULTURAI</i>
<i>Cantidade destinada a esta liña de subvención..... 110.000 €</i>

*CONCEPTO SUBVENCIONÁBEL 1.1.- Actividades e programas dirixidos á promoción e difusión das artes plásticas, escénicas (teatro e danza), música e literatura:*

*Réxime ..... Rateo*  
*Modalidade..... Puntos*  
*Cantidade máxima de subvención por programa ..... 12.000 euros*  
*Límite mínimo de puntos ..... 30 puntos*  
*NÚMERO MÁXIMO DE PROGRAMAS A PRESENTAR ..... 1*

*CONCEPTO SUBVENCIONÁBEL 1.2.- Actividades socioculturais nos barrios e parroquias e outras actividades e programas da cultura tradicional galega: folclore, Día das letras galegas, Nadal, festas gastronómicas, artesanía.*

*Réxime ..... Rateo*  
*Modalidade..... Puntos*  
*Cantidade máxima de subvención por programa ..... 12.000 euros*  
*Límite mínimo de puntos ..... 30 puntos*  
*NÚMERO MÁXIMO DE PROGRAMAS A PRESENTAR ..... 1*

*CONCEPTO SUBVENCIONÁBEL 1.3.- Festas tradicionais (Entroido, S. Xoán, Samaín, Magosto...) e festas patronais en barrios e parroquias incluídas no calendario festivo anual.*

Réxime .....	Rateo
Modalidade.....	Módulos
Módulo .....	Asignación fixa por festa
Módulo A: Festas tradicionais .....	700 euros
Módulo B: Festas patronais .....	1.000 euros
Módulo C: Festas patronais de especial interese no ámbito urbano, patrón da cidade ...	8.000 euros
Límite mínimo de puntos .....	40 puntos
NÚMERO MÁXIMO DE PROGRAMAS A PRESENTAR .....	1
Importe máximo por programa no módulo A .....	1.700 euros

**CONCEPTO SUBVENCIONÁBEL 1.4.- Proxectos culturais de vangarda.**

Réxime .....	Rateo
Modalidade.....	Puntos
Cantidade máxima de subvención por programa .....	12.000 euros
Límite mínimo de puntos .....	30 puntos
NÚMERO MÁXIMO DE PROGRAMAS A PRESENTAR: .....	1

**BASES DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS**

**Primeira.- OBXECTO**

O obxecto das presentes bases particulares é a regulación da concesión de subvencións que tramita o Servizo de Animación Sociocultural do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

As subvencións poderán outorgarse no marco dun convenio de colaboración con suxeición ás presentes bases.

**Segunda.- PROGRAMA SUBVENCIONÁBEL**

1.- Estas axudas económicas deberán fomentar actividades de animación sociocultural de interese público ou social que teñan como finalidade:

- Conseguiñ unha cidadanía activa, protagonista e transformadora do seu contorno, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social da cidade.
- Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito da cultura e animación sociocultural, potenciando os servizos de interese xeral para a cidadanía, a coordinación destas entidades e a programación conxunta.
- Fomentar valores sociais, culturais e relacionais da cidadanía, a través da difusión e do coñecemento da nosa identidade cultural.
- Favorecer a cooperación entre o sector público e privado, alentando o crecemento cultural cuantitativo e/ou cualitativo da cidade.
- Fortalecemento das actividades destinadas a promover a recuperación e innovación no campo da

*difusión da cultura popular e as tradicións de Galiza.*

- *Incentivar a creación de programas que reactiven as actividades musicais, artísticas, teatro, danza e de animación á lectura.*
- *Apoiar aquelas iniciativas culturais innovadoras que acerquen á cidadanía as últimas tendencias culturais que proxecten unha imaxe moderna, dinámica e vangardista de Vigo, cos seguintes obxectivos:*
  - *Polo seu contido:*
    - *Música: música electrónica, experimental, arte sonora, clásica contemporánea.*
    - *Culturas urbanas: hip-hop, breakdance, graffiti, moda alternativa.*
    - *Artes escénicas de creación contemporánea, performance, happenings.*
    - *Artes visuais: videocreacións, computer-art, arte en Internet e outras formas de creación dixital.*
    - *Cultura dixital, produtos multimedia, páxinas webs, weblogs...*
    - *Propostas multidisciplinares.*
  - *Pola orixinalidade da metodoloxía, ferramentas, sistemas de comunicación ou escenarios utilizados.*
  - *Pola súa singularidade e a non existencia de propostas similares no noso contorno.*

*2.- O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, dende unha dimensión de barrio, parroquia ou cidade; ou excepcionalmente fóra deste no caso de que se consideren de interese para a proxección exterior da cidade.*

*Terceira: CONVOCATORIA*

- *Con carácter anual, e a poder ser dentro do primeiro trimestre do exercicio, aprobaranse as convocatorias para o outorgamento das subvencións, que se axustarán ao disposto por estas bases.*
- *A convocatoria establecerá como mínimo:*
  - a) *Partida económica e créditos máximos adicados.*
  - b) *Termo para a presentación das solicitudes.*
  - c) *Requisitos dos solicitantes.*
  - d) *Lugar onde poden obter as bases da convocatoria e formularios necesarios para concorrer a esta, información da súa data de publicación no BOP.*
  - e) *Lugar de presentación das solicitudes.*
  - f) *Concreción das diferentes liñas e conceptos subvencionábeis no ámbito cultural e sociocomunitario.*
  - g) *Orzamento adicado a cada liña de subvención, número máximo de programas a presentar por liña, réxime de concesión, cantidade máxima de subvención por programa, e umbral mínimo de puntos que cada programa debe alcanzar para ter dereito á subvención.*
  - h) *Ámbito temporal dos gastos subvencionábeis.*
  - i) *Número de programas que se poden presentar a cada liña de subvención, conceptos subvencionábeis e contías máximas a percibir.*

#### *Cuarta.- BENEFICIARIOS*

##### *1.- Poderán solicitar subvención, segundo o concepto subvencionábel recollido da convocatoria anual:*

###### *a) As entidades sen ánimo de lucro, e demais persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:*

*a.1.- Asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións á data de presentación da solicitude.*

*a.2.- Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*

*a.3.- Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*

*a.4.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*

*a.5.-Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.*

*a.6.- Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior.*

*a.7.- Os demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.*

*Dúas ou máis entidades poden presentar un proxecto en concertación. Para os efectos do apartado anterior, todas as entidades concertadas teñen a condición de beneficiario e, polo tanto, terán que cumprir as condicións expostas.*

*b) As persoas físicas con domicilio no termino municipal de Vigo e que se atopen empadroadas no Concello, que teñan capacidade para levar a cabo as actividades subvencionábeis.*

#### *Quinta: SOLICITUDES*

*1. As persoas que concorren a esta convocatoria presentarán as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, ben directamente ben por calquera das formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases ([Anexo I](#)).*

*A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.*

*2.- Prazo de presentación das solicitudes: o establecido na convocatoria anual e sempre nun período non inferior a 20 días naturais, a contar dende a publicación da convocatoria no BOP.*

*3.- Información e tramitación: Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e servizo de Animación Sociocultural.*

*As solicitudes poderán tramitarse dende a páxina web seguindo os pasos e introducindo os datos que esixe a aplicación informática, ou presentando as peticións por escrito nos modelos facilitados polo Concello.*

*4.- A través da convocatoria anual poderanse limitar o número de programas que poden ser presentados dentro dun mesmo ámbito ou liña de subvención ou concepto subvencionábel, no seu caso.*

5.- O outorgamento da subvención non poderá superar, en ningún caso, o importe máximo a conceder a un programa. Esta cantidade máxima establecerase, para cada liña ou concepto subvencionábel, na convocatoria anual.

6.- Na mesma solicitude, incorporárase a declaración positiva de que a persoa ou entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria prevista no artigo 13 da Lei 38/2003.

Así mesmo, autorízase expresamente ao Concello de Vigo a comprobar que está ao corrente do pago das súas obrigas fiscais e Seguridade Social (no caso contrario, deberá presentar os certificados Consellería de Facenda da Xunta de Galiza, Axencia Estatal da Administración Tributaria e Seguridade Social).

#### Sexta: DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación e información:

##### 6.1. Por solicitante:

a.- Fotocopia compulsada do CIF ou NIF.

b.- Anexo I.1: declaración asinada polo/a secretario/a da entidade ou persoa física relativa a:

- Data do acordo da asemblea do órgano de dirección na que se decide solicitar subvención, e importes solicitados
- Solicitudes de subvencións realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción das axudas.
- Subvencións pendentes de xustificar ao Concello de Vigo.
- Cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social (só para aquelas axudas cuxa contía a outorgar non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros).
- Datos para a valoración do solicitante:
  - Persoas xurídicas: antigüidade, xestión económica financeira, masa social e representatividade, ámbito territorial e temático de intervención, recursos humanos e materiais.

- Persoas físicas: breve curriculum vitae e fotocopia da última declaración da renda.

c.- Certificación positiva acreditativa de estar ao corrente no pago das obrigas fiscais (Axencia estatal da Administración tributaria, Facenda da Xunta de Galicia) e Certificación acreditativa de estar ao corrente no pago das obrigas da Seguridade social ou de non ter a entidade traballadores ao seu cargo, expedidas no ano en curso (só para aquelas axudas cuxa contía a outorgar na convocatoria supere o importe de 3.000 euros e no caso de que non se autorice expresamente ó Concello de Vigo a recabar os datos relativos ao cumprimento das obrigas fiscais e da Seguridade Social).

O Concello de Vigo comprobará de oficio que o solicitante das axudas está ao corrente do cumprimento das obrigas fiscais co Concello.

d.- Certificado da titularidade da conta bancaria para aqueles solicitantes que non recibiron nunca subvención municipal ou ningún outro pago por calquera concepto e que, polo tanto, non figuren inscritos no Rexistro de Acredores do Concello.

## 6.2 Por programa ou proxecto solicitado:

a- Anexo II.1.- Ficha resume de cada programa de actividades facilitado polo Concello e identificativo dos principais elementos xerais deste: denominación, adscrición ao programa, fundamentación das necesidades e a razón do proxecto, ámbito de execución, coordinación, obxectivos, destinatarios, metodoloxía, temporalización, recursos humanos, materiais e económicos, sistemas de seguimento e avaliación.

b- No caso daqueles proxectos editoriais e publicacións periódicas de carácter informativo e divulgativo no ámbito da cultura e animación sociocultural, cumprirán os seguintes requisitos:

- Non ter carácter de boletín interno da asociación.
- Presentar un proxecto editorial no que se inclúa entre outros datos: responsábeis da redacción e da edición, índice, número de páxinas, número de exemplares, características (tamaño, cores, papel, etc), periodicidade da tirada, números xa publicados, sistema de distribución e plan de financiamento.
- Dispoñer de depósito legal.
- Indicar na contraportada da publicación o patrocinio da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.
- Depositar gratuitamente dez exemplares na Concellaría de Cultura e Animación sociocultural no prazo máximo dun mes dende a súa edición.
- Se a publicación xa está editada e cumpre cos requisitos anteriores, presentarse, xunto ao proxecto, un exemplar dela.

c- No que atinxe ao desenvolvemento de cursos de formación, achegarase o currículo do profesorado, os datos de custo hora por alumnado e custo hora por profesor/a, así como as características técnicas do local de formación e os recursos didácticos cos que se contan.

d- A solicitude presentada que non inclúa o proxecto específico para o cal solicita subvención será directamente excluída, sen prexuízo do disposto polo artigo 71 da Lei 30/1992.

### Sétima: DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaranse:

- 1.- Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- 2.- Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.
- 3.- Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariábel (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.
- 4.- Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
- 5.- Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- 6.- Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- 7.- Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral e non acaden unha puntuación mínima suficiente establecida na convocatoria anual, xa que de non

chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia no se axusta aos obxectivos da convocatoria.

8.- Que a solicitude se presente fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

9.- A falta de xustificación en tempo e forma algunha das subvencións concedida na convocatoria do ano anterior.

#### Oitava: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Na valoración dos programas ou proxectos aplicaranse os seguintes criterios:

1. Criterio para valoración da persoa ou entidade solicitante	Ata 20 puntos
Traxectoria e antigüidade demostrada pola entidade	Ata 5 puntos
Masa social, representatividade e participación da cidadanía	Ata 5 puntos
Maior grao de implicación no ámbito xeográfico (barrio, parroquia ou distrito), poboación destinataria directamente afectada e área de influencia	Ata 5 puntos
Infraestrutura, equipamento e recursos cos que conta a entidade	Ata 5 puntos
2. Criterio de valoración do programa ou proxecto	Ata 70 puntos
Interese do programa: adecuación da/s acción/s aos obxectivos e natureza do programa conforme ás prioridades e necesidades sociais detectadas pola Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural, impacto previsto, innovación, ámbito xeográfico, duración do programa, colectivo a quen vai dirixido, consolidación	Ata 30 puntos
Calidade no deseño da proposta: análise das necesidades existentes no contorno, deseño dos contidos e incorporación de metodoloxías socioeducativas, estabilidade temporal, organización de recursos, inclusión de resultados esperados; indicadores de avaliación, seguimento e control; comunicación interna e externa; uso de novas tecnoloxías	Ata 15 puntos
Viabilidade técnico-económica e financeira do proxecto: racionalidade orzamentaria, orzamento de gastos e ingresos previstos relacionado coa actividade específica, presenza doutras fontes de financiamento (propias ou externas), achega de recursos propios da entidade (humanos e materiais) e persoal voluntario para o desenvolvemento da actividade, viabilidade temporal	Ata 10 puntos
Tratamento do programa ás temáticas transversais: uso da lingua galega, programas dirixidos á mocidade, incorporación da perspectiva de xénero ao programa, perspectiva intercultural	Ata 5 puntos
Colaboración, coordinación e concertación do proxecto con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede	Ata 5 puntos
3. Xustificación das subvencións anteriores	Ata 10 puntos

A xustificación das subvencións anteriores é un requisito para a concesión das subvencións, polo que con este criterio o que se pretende valorar é o esforzo realizado pola entidade para as subvencións precedentes.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Concello de Vigo.

#### Novena.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

1.- A convocatoria anual establecerá os réximes aplicábeis e a dotación orzamentaria de cada liña de subvención e cantidade que actuará como límite para a concesión. Asemade, a convocatoria anual poderá establecer as excepcións aplicábeis ás determinacións de carácter xeral das bases específicas.

2.- Os réximes aplicábeis a cada liña de subvención ou concepto subvencionábel poderán ser o de concorrencia competitiva e o de rateo:

- No réxime de concorrencia competitiva, a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios sinalados no artigo anterior, adxudicando a subvención a aquelas que obtiveron maior valoración, sen exceder, en ningún caso, do importe da dotación fixada na convocatoria.
- No réxime de rateo, a concesión lévase a cabo distribuíndo o importe da dotación orzamentaria entre a totalidade das solicitudes recibidas, coas excepcións que máis abaixo se sinalan, tomando en consideración, segundo a modalidade, a puntuación obtida (rateo por puntos) ou unha serie de módulos de carácter fixo ou variábel (rateo por módulos).

3.- En particular, no rateo por módulos, todas as solicitudes que contén coa puntuación mínima e cumpran os requisitos indicados nestas bases, terán dereito á subvención, na cantidade que resulte de aplicación dos módulos, sen tomar en consideración a puntuación obtida. Non obstante, esa cantidade axustarase á baixa se a dotación orzamentaria existente resultase insuficiente á vista das solicitudes recibidas.

4.- A convocatoria anual poderá prever a utilización conxunta das dúas modalidades do réxime de rateo, así como o rateo por módulos co réxime de concorrencia competitiva, para a súa aplicación aos distintos conceptos subvencionábeis. Nestes casos, a dotación orzamentaria asignada á liña de subvención distribuirase no primeiro lugar entre as solicitudes que optaron aos conceptos aos que resulta de aplicación o rateo por módulos, distribuíndose o saldo restante entre as solicitudes que optaron aos conceptos aos que se aplica o rateo por puntos ou a concorrencia competitiva, segundo corresponda.

5.- No réxime de concorrencia competitiva, unha vez alcanzado o mínimo de puntos previsto na convocatoria anual, a cantidade de subvención a conceder axustarase aplicando unha porcentaxe segundo a puntuación obtida por cada programa, conforme a seguinte táboa:

Puntos outorgados ao programa	% de subvención a outorgar
Igual ou superior a 70 puntos	75% da cantidade solicitada
Inferior a 70 puntos	50% da cantidade solicitada

#### Décima:-INSTRUCCIÓN

1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Servizo de Animación Sociocultural.

2.- Os solicitantes, a requirimento do Servizo Animación Sociocultural, disporán dun prazo improrrogábel de dez (10) días para completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien, con apercibimento de que, se así non o fixesen, se lles tería por desestimada da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992.

3.- Reformulación do programa: Unha vez realizada a valoración de todos os programas presentados a unha liña de subvención, e se a cantidade económica a conceder non coincide coa solicitada, procederase:

- a) Se a subvención a conceder é igual ao 75% da cantidade solicitada, o Concello diminuírá o orzamento de oficio, na mesma proporción que a porcentaxe de baixa da cantidade concedida sobre a solicitada. Este importe final modificado será o que deberá xustificar ao final da actividade.



b) Se a subvención a conceder é menor ao 75% da cantidade solicitada:

- Sendo menor ou igual a 2.000 euros, o procedemento será igual ao descrito no apartado anterior (a).
- Se é superior a 2.000 euros, o Concello comunicará á persoa ou entidade que, no prazo de dez días, deberá reformular o seu programa axustando os compromisos de gastos á subvención outorgada, respectando o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, ou ben renunciar á mesma. De non recibirse contestación expresa, entenderase que a persoa ou entidade optou por renunciar á subvención.

3.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural que actuará como presidente, e dous vocais designados entre o persoal técnico do Concello (o xefe e un técnico do servizo de Animación Sociocultural).

O órgano avaliador non intervirá no caso de que a concesión se realice polo procedemento abreviado de rateo, polo cal a proposta de concesión formularase ao órgano concedente polo órgano instrutor.

4.- Prazo de resolución e notificación:

O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación ás persoas ou entidades solicitantes é de seis meses contados a partir da publicación da convocatoria, e notificaranse tanto as subvencións concedidas como as denegadas.

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, á proposta do Órgano Instrutor.

Unha vez notificado o acordo de concesión, e de non existir escrito de renuncia polo beneficiario no prazo de 10 días contados dende a recepción da notificación, entenderase que a subvención foi aceptada.

Contra a resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo pero o Xulgado do Contencioso-administrativo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses; ambos os dous prazos contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución.

Décimo primeira.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007, Lei 38/2003 e demais normativa de desenvolvemento desta última.

b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

d) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización de actividade subvencionada.

e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas e financiamento municipal, incorporando o logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, nos materiais impresos (carteis, folletos, follas informativas...), placas conmemorativas, medios electrónicos ou audiovisuais, ou anuncios nos medios de comunicación escrita.

f) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Animación Sociocultural estudará cal sería a lingua que empregará para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaráse conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

*Décimo segunda.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS*

*A concesión de subvencións ao abeiro da presente convocatoria será compatíbel con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas. En calquera caso o montante do financiamento obtido, por subvención ou outras fontes, non poderá resultar superior ao custo do programa subvencionado.*

*Décimo terceira.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.1.-*

*Prazo de xustificación: unha vez rematado o programa e no prazo de tres meses a contar dende a finalización da actividade. Excepcionalmente, e a petición do beneficiario, poderase ampliar o prazo, por causas suficientemente motivadas.*

*2.- Cantidade a xustificar: 100% do orzamento presentado á subvención e non só a cantidade concedida polo Concello.*

*3.- Sistema de xustificación: mediante a presentación polo beneficiario, a través do Rexistro Xeral do Concello, da conta xustificativa do gasto realizado en cada programa que incluírá:*

*a) Solicitude e memoria das actividades levadas a cabo para a execución do programa, segundo o modelo facilitado polo Concello (ANEXO III), que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:*

- Datos sobre os participantes na actividade: número de beneficiarios, perfil, etc.*
- Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.*
- Memoria de prensa.*
- Balance de gastos e ingresos correspondentes á execución do programa e desviacións con relación ao orzamento.*

*b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas dentro do prazo previsto para a execución do programa, distinguíndose, a estes efectos:*

- Relación clasificada dos gastos con identificación do acredor e documento, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado polo importe do 100% do orzamento final a xustificar.*
- Acreditación do importe da subvención concedida, en función de:*
  - Custos directamente relacionados coa execución do programa, que deberán quedar xustificadas na súa totalidade, mediante facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente. Estes documentos poderán ser estampillados no caso de concorreren a outras axudas, indicando no mesmo o destino da axuda e importe imputado.*
  - Custos indirectos, para os que, salvo requirimento expreso, non se esixirá xustificación documental ningunha, sendo suficiente cunha declaración responsábel ao respecto, e sen que en ningún caso a imputación levada a cabo resulte superior ao 10% dos custos directos do programa.*
- Declaración responsábel do cumprimento das obrigas tributarias e Seguridade Social, conforme ao réxime simplificado de acreditación previsto polo artigo 31.7. da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso o Concello de Vigo, poderá recabar estes datos de oficio.*
  - Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.*

*c) Tres exemplares do material impreso de difusión realizados con motivo da actividade*

subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.

4.- *Pagamento da subvención: efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da persoa ou entidade declarada xunto a solicitude.*

*O pagamento non se levará a cabo se a persoa ou entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.*

5.- *Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. A resolución da redución das axudas será competencia do Concelleiro Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.*

6.- *Cando a natureza da subvención así o xustifique, poderán realizarse pagamentos a conta de forma fraccionada, que respondan ao ritmo de execución da acción subvencionada, aboando o equivalente á xustificación presentada.*

#### *Décimo cuarta.- REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO.*

1.- *Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:*

*a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento; así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.*

*b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.*

2. *O beneficiario poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.*

#### *Décimo quinta.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCiónS CONCEDIDAS*

*As subvencións concedidas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención individualmente considerado supera os 3.000 euros, ou no taboleiro de anuncios da entidade local nos restantes casos. En ambos casos expresarase o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.*

#### *Décimo sexta.-SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN*

*O persoal técnico do servizo será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.*

#### *Décimo sétima.- NORMATIVA APLICÁBEL*

*O procedemento para a resolución das solicitudes axustarase ao regulamentado na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e na normativa regulamentaria de desenvolvemento, Real decreto 887/2006,*

*de 21 de xullo. Así mesmo, será de aplicación o disposto en materia de subvencións pola Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e demais normativa complementaria*

*Décimo oitava.- DISPOSICIÓN FINAL*

*O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas*

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte e oito minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.